



ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidente:

D. Efrén Castro Caloto

Sres/as. Deputados/as:D^a. María del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Xosé María Arias Fernández

D. Iván Castro Díaz

D. Carlos López López

D^a. Iria Castro Fernández**Secretaria:**D^a. Leticia Rodríguez Díaz**Interventora:**D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **dez de abril de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia do Vicepresidente D. Efrén Castro Caloto, por ausencia da titular do cargo Ilma. Sra. D^a. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria substituta a Secretaria-Interventora - Xefa do Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos D^a Leticia Rodríguez Díaz, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sra. Presidenta D^a. María del Carmen López Moreno e o Sr. deputado D. Miguel Fernández Méndez.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	1/88



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o vinte e sete de marzo de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO E EVOLUTIVOS DAS LICENZAS DE USO DO SISTEMA DE BACKOFFICE PARA A XESTIÓN DO CONTROL HORARIO (WCRONOS) DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 27 de marzo de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Acta da mesa de contratación do día 27 de marzo de 2026

Presidenta: Dna. Sonia Méndez García, Xefa do Servizo de Contratación e Fomento.
Secretaria da mesa: Dona Estíbaliz Castelao García, Administrativa do Servizo de Contratación e Fomento.

Vogais:

Dna. María del Carmen Dorado Duro, Asesora Técnica do Servizo de Contratación e Fomento, en substitución do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Dna. María Cristina González Santín , Interventora adxunta, en substitución da Interventora da Deputación de Lugo.

Dna. Margarita Tarrío Álvarez, Xefa da Sección I de Contratación Xeral.

Dna. Olalla Vilela Carballo, Administrativa no Servizo de Recursos Humanos.

Sendo as 09:58 horas do día 27 de marzo de 2026, baixo a Presidencia de Dna. Sonia Méndez García, constitúese a Mesa de contratación a través de medios electrónicos, co obxecto de tratar os asuntos figurados na convocatoria.

Pola Presidencia procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de backoffice para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo.


Expediente Nº: 2025/CON_02/000125.

Primeiro.- Valoración da documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación, se procede.

Antecedentes:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	2/88





1. Orden de inicio de expediente e Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RUSS4JFN53LMZXX6UIZKCAAY.
2. Prego de prescricións técnicas, asinado pola Xefa de RR.HH., CSV: IV7RUYI7L7X53CBK6BMX4RIBCM.
3. Informe emitido polo Servizo de Comunicación e TICs –Sección Novas Tecnoloxías, con CSV: IV7QYC7JMEUKYXV44H7WGU2HAE.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7QGGSSYBFOLJGP6RGGCE3B6A.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7C46PYDMP5T6NY5QHWM43DEY.
6. Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaría Xeral , con CSV: IV7RUOP4H476RSEOTUQWMTZR4E.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7RVS3FUUVY6WOLVITYSEBCVMM.
8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7RVS7CN7U5ZJEP4IES453PCQ.
9. Acordo da Xunta de Goberno de data 13 de febreiro de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7RW23J3VEO3W66DROMIISX6U.

10. Acta da Mesa de Contratación do día 27 de febreiro de 2026, con CSV: IV7RQDC2HNJMR5PCBRGAMUHTKU que recolle as seguintes consideracións:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, o licitador convidado a este procedemento e que presentou a oferta é Abaco C.E. Informáticos, S.L.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	3/88



CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN	% DE DESCONTO OFERTADO/PUNTUACIÓN
1.-Rebaixa do prezo.(MÁX. 70 PUNTOS).	5,1% de desconto /30 puntos

Puntuarase a baixada no orzamento base de licitación de acordo co seguinte baremo:
 Baixa inferior ao 5 % do orzamento base de licitación. 15 puntos.
 Baixa igual ou superior o 5% e ata 10% do orzamento base de licitación. 30 puntos.
 Baixa superior ao 10% e inferior ao 15 % do orzamento base de licitación. 45 puntos.
 Baixa igual ou superior ao 15 % do orzamento base de licitación. 70 puntos
 En caso de que a oferta presentada iguale o prezo de licitación, será valorada con 0 puntos, aínda que será admitida.
 A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Abaco C.E. Informáticos, S.L.Na rolda de negociación, o licitador deberá presenta a través da plataforma de contratos do sector público no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP).
 E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 14:19 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico”.

11. Acta da Mesa de Contratación do día 06 de marzo de 2026, con CSV: IV7RQMJJ3FP2XBGSYMEXGTXADY que recolle as seguintes consideracións:
 “Deuse conta que na Mesa celebrada o día 27 de febreiro de 2026 acordouse iniciar a Fase de Negociación (Fase 2), de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.
 Acto seguido procédese á apertura da oferta que o licitador Abaco C.E. Informáticos S.L. presentou na fase de negociación,resultando da súa apertura o que se indica a continuación:
 Mellora da oferta económica respecto do ofertado na Fase 1 (expresado en 1 % de desconto adicional sobre o 5,1% de desconto ofertado na fase 1).
 Tendo en conta que na fase de adjudicación a empresa obtivera 30 puntos, e sumada a puntuación acadada na fase de negociación (30 puntos) resulta un total de 60 puntos.
 Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:
 1º.- Outorgar á licitadora admitida a seguinte puntuación e clasificala atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
ABACO C.E. INFORMÁTICOS S.L.	Fase I +Fase II : 30 puntos+ 30 puntos = 60 puntos

2º.- Requerir á empresa Abaco C.E. Informáticos S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	4/88





Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relacionan acto seguido ou autorice á Deputación de Lugo a reter en concepto de garantía o importe especificado (segundo o Anexo IV do PCAP), significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
12.193,85 Euros (6,1 % de baixa)	609,69 euros

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:56 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico”.


12. Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Incorpórase ao expediente o certificado de non ter débedas pendentes coa Deputación Provincial de Lugo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A mesa de contratación á vista da documentación que consta no expediente, acorda elevar ao órgano de contratación (Xunta de Goberno) a seguinte proposta:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	5/88



1º.- Adjudicar á empresa Abaco C.E. Informáticos S.L. con NIF:B47039276, a contratación do do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de backoffice para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo por un importe máximo de 12.193,85 euros, aos que se engadirán 2.560,71euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 14.754,56euros .

2º.- O prazo de duración do contrato será de dous anos (2), coa posibilidade de prorrogalo por dous anos (2) máis, ata un máximo total de catro anos. (2+2).

3º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adjudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo ás 10:00 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado”.

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adjudicar á mercantile Abaco C.E. Informáticos S.L., a contratación do mantemento e evolutivos das licenzas de uso do sistema de backoffice para a xestión do control horario (Wcronos) da Deputación de Lugo por un importe máximo de 12.193,85 euros, aos que se engadirán 2.560,71euros en concepto de IVE (21%), o que ascende a un total de 14.754,56 euros .

O prezo total financíase con cargo a aplicación orzamentaria 9200.216 (Administración Xeral, Reparacións, mantemento e conservación de equipos procesos de información) de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADES	APLICACIÓN	IMPORTES	D
2026	9200.216	5.225,57 €	92026/3897
2027		7.377,28 €	920269/97
2028		2.151,71 €	920269/97
TOTAL		14.754,56 €	

Que o mencionado gasto financiarase con cargo ás anualidades 2026,2027 e 2028. A Deputación, adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos das anualidades 2027 e 2028 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

2º.- O prazo de duración do contrato será de dous anos (2), coa posibilidade de prorrogalo por dous anos (2) máis, ata un máximo total de catro anos. (2+2). Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na propia acta de inicio, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	6/88





3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo aos interesados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO ASESORAMENTO, XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DE REDES SOCIAIS DAS ÁREAS DE CULTURA, PATRIMONIO HISTÓRICO ARTÍSTICO E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA, MEDIO RURAL E DO MAR, MOCIDADE, DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 06 de abril de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes.

1. Memoria xustificativa e orde de inicio do contrato, con CSV: IV7QEDXY334LZ5EDSZHS54YHKU.
2. Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7Q6THCPQU3ZT6TQJGBKURO5Y.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	7/88



3. Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7QEDX6NL7OLCG5257AIMRV6U
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7QED35IDX7VXFNQ5A5GIQ004.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7QED3TH4RK7GN3RQEFCVJGCA.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV:IV7QEADIGHXDXMLYYJOWMXXBEM.
- 7.- Proposta de Presidencia, con CSV: IV7QEGCSMAF2LCESAQIUKQJAEQ.
- 8.- Acordo de Xunta de Goberno do día 16 de xaneiro de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7QEHTIHB7TVO7LWPYHCZRRGY.
- 9.- Anuncio de licitación e pregos, publicados na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 19 de xaneiro de 2026.
- 10.- Consta no expediente identificación dos licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento, segundo a Plataforma de Contratación do Sector Público.
- 11.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 06 de febreiro de 2026, con CSV: IV7RU7XCAFXJUSJL4YGQONCDOU na que se recolle o seguinte:
 “Procedeuse á apertura dos sobres que conteñen a declaración responsable sobre cumprimento de requisitos previos, dos licitadores concorrentes a esta licitación, que segundo os datos obrantes na plataforma de contratación do sector público son as seguintes:

1	ASORDE CATÁBRICO SL
2	BO Marketing Solutions S.L.
3	Estratividad Agencia de publicidad SLU
4	GESTUGAL S.L.
5	INFORMÁTICA GALSOFT SL
6	Marquid Consulting S.L.
7	Miraveo Assets, S.L.
8	Premium Servicios Integrados, SL
9	STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.
10	Visual Publinet, S.

Posto que todas as empresas concorrentes presentaron dentro do prazo concedido a tales efectos as súas propostas, a mesa de contratación procede á cualificación da documentación do sobre que contén a declaración do cumprimento dos requisitos previos, cos seguintes resultados:

O Anexo I presentado polas empresas licitadoras axústase aos requisitos recollidos no PCAP, polo que se acorda admitir a todas as empresas que concorreron ao procedemento.

A continuación a mesa de contratación acorda proceder á apertura do sobre electrónico das licitadoras admitidas, relativo aos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, e remitir as memorias técnicas ao Centro de Artesanía e Deseño para a súa valoración.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	8/88





E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:18 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico”.

12.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 27 de febreiro de 2026, con CSV: IV7RQGXDLMXD7642QPXRC7YT6I na que se recolle o seguinte: “Procedeuse á dar conta do informe de valoración emitido polo Centro de Artesanía e Deseño con csv:IV7RXTK6ZPVIJG62WLVXOYLE7Y en relación as Memorias técnicas presentadas polos licitadores concorrentes e admitidos a esta licitación, sendo as puntuación as que se indican a continuación:

	EMPRESAS LICITADORAS	PUNTUACIÓN
1	ASORDE CANTÁBRICO SL	35
2	BO Marketing Solutions S.L.	40
3	Estratividad Agencia de publicidade SLU	40
4	GESTUGAL S.L.	35
5	INFORMÁTICA GALSOF SL	30
6	Marquid Consulting S.L.	15
7	Miraveo Assets, S.L.	30
8	Premium Servicios Integrados, SL	30
9	STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	30
10	Visual Publinet, S.	30

2.-CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS	PUNTUACIÓN MÁXIMA (55)
<p>OFERTA ECONÓMICA</p> <p>A oferta expresarase en % de desconto sobre os prezos unitarios recollidos no PPT, axustada a un máximo de dous decimais.</p> <p>O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que oferta ao tipo de licitación e obterán 0 puntos.</p> <p>Aqueles proposicións que oferten 0 serán valoradas con 0 puntos.</p> <p>O licitador que oferte o maior porcentaxe de desconto obterá a máxima puntuación.</p> <p>O resto de ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática:</p> <p>Puntuación = POE * (PO/PB)</p> <p>Onde:</p> <p>POE: Puntuación da oferta económica.</p> <p>PO: Porcentaxe ofertado pola empresa que se valora.</p> <p>PB: Porcentaxe máis alto de baixa presentado.</p>	49
<p>CRITERIOS DE CALIDADE.Melhoras do contrato</p> <p>- Incremento do gasto en Paid Media .</p> <p>A oferta expresarase en euros, axustada a un máximo de dous decimais.</p> <p>O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que non oferta neste apartado.</p> <p>As ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática:</p>	6
	1

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	9/88



<p>Puntuación =POE * (PO/PB)</p> <p>Onde</p> <p>POE: Puntuación da oferta.</p> <p>PB: Maior incremento entre todas as ofertas presentadas.</p> <p>PO: Incremento que se valora.</p>	
<p>Incremento do número de horas do servizo de influencer marketing.</p> <p>A oferta exprésase en horas</p> <p>O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que non oferta neste apartado.</p> <p>As ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática:</p> <p>Puntuación =POE * (PO/PB)</p> <p>Onde</p> <p>POE: Puntuación da oferta.</p> <p>PB: Maior incremento entre todas as ofertas presentadas.</p> <p>PO: Incremento que se valora.</p>	1
<p>- Incremento no número de coberturas de eventos en directo.</p> <p>A oferta exprésase en número de coberturas.</p> <p>O anexo cumprimentado correctamente pero sen expresión de cantidade concreta, de acordo coas regras de determinación do prezo, entenderase que non oferta neste apartado.</p> <p>As ofertas puntuarase proporcionalmente, atendendo á seguinte fórmula matemática:</p> <p>Puntuación =POE * (PO/PB)</p> <p>Onde</p> <p>POE: Puntuación da oferta.</p> <p>PB: Maior incremento de número de coberturas en directo de eventos ou actos entre todas as ofertas presentadas.</p> <p>PO: Incremento que se valora.</p>	4

A continuación a mesa de contratación acorda proceder á apertura do sobre electrónico das licitadoras admitidas, relativo aos criterios avaliados automáticamente, recollidos no PCAP.
Ofertas presentadas.

Nombre da Empresa	Oferta económica (Máximo 49 puntos)	Incremento do gasto en Paid Media (Máximo 1 punto)	Incremento do número de horas do servizo de influencer marketing. (Máximo 1 punto)	Incremento do número de coberturas de eventos en directo. (Máximo 4 puntos)
ASORDE CANTÁBRICO SL	12,00%	Oferta un incremento do gasto en paid media de 660 euros anuais (55 euros mensuais) aos que se engadirán 138,6 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 798,6 euros anuais.	2 horas	16 eventos
BO Marketing Solutions S.L.	10,00%	Oferta un incremento do gasto en paid media de 2.000 euros aos que se engadirán 420 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 2.420 euros	30 horas	20 eventos
Estratixidade Agencia de publicidade SLU	26,00%	Oferta un incremento do gasto en paid media de 500 euros aos que se engadirán -105 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 605 euros	96 horas	12 eventos
GESTUGAL S.L.	15,00%	0 euros	0 horas	4 eventos
INFORMÁTICA GALSOFT SL	40,40%	0 euros	0 horas	6 eventos
Marquid Consulting S.L.	31,00%	Oferta un incremento do gasto en paid media de 1.200,00 euros aos que se engadirán -252,00 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.452,00 euros	10 horas	6 eventos
Miraveo Assets, S.L.	30,00%	0 euros	0 horas	5 eventos
Premium Servicios Integrados, SL	29,75%	0 euros	24 horas	8 eventos
STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	28,00%	Oferta un incremento do gasto en paid media de 10 euros aos que se engadirán 2,1 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 12,1 euros	12 horas	6 eventos
Visual Publinet, S.	24,00%	Oferta un incremento do gasto en paid media de 1.200 euros aos que se engadirán 252 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 1.452 euros	0 horas	**6 eventos **Na oferta consta "6 horas", cando debería de dicir "6 eventos" pero dedúcese do propio formato do Anexo II publicado no PCAP xunto coa definición do criterio recollido na cláusula "K" do PCAP, polo que estamos ante un erro tipográfico manifesto e evidente e que non cambia a oferta de fondo.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	10/88





Parámetros obxectivos para a identificación de ofertas económicas incursas en presunción de anormalmente baixa respecto ao prezo.

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao criterio prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

(...)

Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído)	60.495,00	
VALOR ESTIMADO	49.995,87	10.499,13 IVE (Partida independiente)
CLASIFICACION EXIGIDA:	NO	

EMPRESAS		OFERTA		
		Oferta	MEDIA	NUEVA MEDIA
1	ASORDE CANTÁBRICO SL	53.235,60 €	45.604,16	42.419,96 €
2	BO Marketing Solutions S.L.	54.445,50 €		
3	Estratividad Agencia de publicidad SLU	44.766,30 €		
4	GESTUGAL S.L.	51.420,75 €	BAIXA DESPROPORCIONADA	
5	INFORMÁTICA GALSOFT SL	36.055,02 €	38.177,96	
6	Marquid Consulting S.L.	41.741,55 €		
7	Miraveo Assets, S.L.	42.346,50 €	10% ARRIBA (SE EXCLUYEN DE LA NUEVA MEDIA)	
8	Premium Servicios Integrados, SL	42.497,74 €	50.164,57	
9	STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	43556,40194		
10	Visual Publinet, S.	45976,20205		

Á vista dos resultados, a Mesa de Contratación acorda, de conformidade co establecido no artigo 149 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (LCSP) e cláusula 13 do PCAP, conceder o trámite de audiencia á empresa Informática Galsoft SL. para que no prazo de 5 días hábiles, xustifique e desglose

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	11/88



razoada e detalladamente o baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro, para valoración da súa oferta, e precise as súas condicións, nos aspectos particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP, que ao respecto sinala: "... en particular no que se refire ao aforro que permita o procedemento de fabricación, os servizos prestados ou o método de construción; as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para fornecer os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; a innovación e orixinalidade das solucións propostas para subministrar os produtos, prestar os servizos ou executar as obras; o respecto de obrigas que resulten aplicables, en materia medioambiental, social ou laboral e de subcontratación, non sendo xustificables prezos por debaixo do mercado ou que incumpran o establecido no artigo 201 LCSP; ou a posible obtención dunha axuda do Estado", ademais do establecido na cláusula decimo terceira do PCAP que rexe a contratación deste servizo.

A continuación dáse contas das puntuacións das ofertas de criterios evaluables automaticamente:

Nombre da Empresa	Oferta económica (Máximo 49 puntos)	Incremento do gasto en Paid Media. (Máximo 1 punto)	Incremento do número de horas do servizo de influencer marketing. (Máximo 1 punto)	Incremento do número de coberturas de eventos en directo. (Máximo 4 puntos)
ASORDE CANTÁBRICO SL	14,55	0,33	0,02	3,2
BO Marketing Solutions S.L.	12,13	1	0,31	4
Estratividad Agencia de publicidad SLU	31,53	0,25	1	2,4
GESTUGAL S.L.	18,19	0	0	0,8
INFORMÁTICA GALSOFT SL	49	0	0	1,2
Marquid Consulting S.L.	37,60	0,6	0,10	1,2
Miraveo Assets, S.L.	36,39	0	0	1
Premium Servicios Integrados, SL	36,08	0	0,25	1,6
STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	33,96	0,01	0,125	1,2
Visual Publnet, S.	29,11	0,6	0	1,2

Puntuacións totais.

EMPRESAS LICITADORAS	Puntuacións dos criterios de xuízos de valor	Puntuacións dos criterios avaliados automaticamente	Puntuacións totais
ASORDE CANTÁBRICO SL	35	18,10	53,10
BO Marketing Solutions S.L.	40	17,44	57,44
Estratividad Agencia de publicidad SLU	40	35,18	75,18
GESTUGAL S.L.	35	18,99	53,99
INFORMÁTICA GALSOFT SL	30	50,20	80,20
Marquid Consulting S.L.	15	39,50	54,50
Miraveo Assets, S.L.	30	37,39	67,39
Premium Servicios Integrados, SL	30	37,93	67,93
STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	30	35,30	65,30
Visual Publnet, S.	30	30,91	60,91


E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 14:11 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico”.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	12/88





13.- Acta da Mesa de Contratación, reunida en acto público con data 13 de marzo de 2026, con CSV: IV7RS4KLLH6Z33WCQLVX4T3SMQ na que se recolle o seguinte:
 “Procedeuse á dar conta que o día 03.03.2026 remitiuse a través da Plataforma de Contratos do Sector Público a comunicación dando trámite de audiencia á empresa Informática Galsoft SL para que no prazo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta económica no que respecta ao baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro aspecto particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP.
 Transcorrido o prazo , e tendo constancia de que a comunicación foi leída o mesmo día 03.03.2026 ás 13:18 horas tal e como se reflexa na propia Plataforma de Contratos, non consta contestación ao respecto.



	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	13/88



Visto canto antecede, a Mesa de Contratación acordou, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación o seguinte acordo:

1º.-Excluir a oferta presentada por Informática Galsoft SL por non atender o requirimento para xustificar a súa oferta económica no que respecta ao baixo nivel dos prezos, custes ou calquera outro aspecto particularmente sinalados no apartado 4 do artigo 149 da LCSP.

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite contemplado no artigo 44.2 da LCSP, procede interpoñer – con carácter potestativo- recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais da Deputación de Lugo, con enderezo en <https://tarclu.deputacionlugo.org>. A iniciación do procedemento para a interposición do recurso especial en materia de contratación está prevista no artigo 50 da LCSP, sendo o prazo de interposición de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel en que se teña coñecemento do acto, de conformidade coa D.A.15º da LCSP.

2º.- Clasificar as ofertas presentadas, atendendo á seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	EMPRESAS LICITADORAS	Puntuacións totais
1	Estratividad Agencia de publicidad SLU	75,18
2	Premium Servicios Integrados, SL	67,93
3	Miraveo Assets, S.L.	67,39
4	STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	65,30
5	Visual Publinet, S.	60,91
6	BO Marketing Solutions S.L.	57,44
7	Marquid Consulting S.L.	54,50
8	GESTUGAL S.L.	53,99
9	ASORDE CANTÁBRICO SL	53,10

3º.- Requirit á empresa Estratividad Agencia de publicidad SLU, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

IMPORTE DE ADJUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA 5%
49.995,87€€	2.499,79€

Contra o presente acto, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	14/88





E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:39 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico”.

14.-Resolución da Presidencia do día 24 de marzo 2025, con CSV: IV7R47C4NQZSXCGLYV4UGVROGU pola que se insta ó requirimento da documentación administrativa recollida na cláusula 17 do PCAP.

Reunida a Mesa de contratación o día 6 de abril, pola Presidencia se informa aos membros da Mesa de Contratación aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

A Presidenta informa aos membros da mesa, que de forma previa á celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, polo órgano de contratación (Xunta de Goberno), previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.-Adxudicar á mercantil Estratividad Agencia de publicidade SLU a contratación do asesoramento, xestión e dinamización de redes sociais das áreas de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Medio Rural e do Mar, Mocidade, Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo, polo importe máximo de 49.995,87€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 10.499,13 €, o que fai un total de 60.495,00€.

A duración do contrato será de UN ano , con posibilidade de prórroga por outro ano (1+1).

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 10:39 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico”.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	15/88



Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á mercantil Estratividad Agencia de publicidade SLU a contratación do asesoramento, xestión e dinamización de redes sociais das áreas de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística, Medio Rural e do Mar, Mocidade, Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación Provincial de Lugo, polo importe máximo de 49.995,87€, ao que se aplicará un IVE do 21%, 10.499,13 €, o que fai un total de 60.495,00€ ofertando un desconto do 26% sobre os prezos unitarios recollidos no PPT. Adquirindo os seguintes compromisos:

1. Oferta un incremento do gasto en paid media de 500 euros aos que se engadirán - 105 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 605 euros.
 2. Oferta 96h de incremento do número de horas do servizo de influencer marketing.
 3. Oferta 12 eventos de incremento do número de coberturas de eventos en directo.
- Polo que se refire ás obrigas que se derivan da presente contratación, o importe do contrato fináncianse con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas a continuación:

PROGRAMA DE GASTO	Aplicación Orzamentaria	ANUALIDADE 2026
CENTRAD	2413.22706	3.495€
CULTURA	3340.22706	20.000 €
MOCIDADE	3342.22706	5.000 €
DEPORTE	3410.22706	17.000 €
MEDIO RURAL	4190.22706	15.000€

2º.- A duración do contrato é de UN ano , con posibilidade de prórroga por outro ano (1+1).Este prazo empezará a contar a partir da subscripción da acta de inicio do contrato ou data que figure na propia acta de inicio, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato; salvo circunstancias excepcionais non previstas, en aplicación do artigo 153 da LCSP.

3º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	16/88





4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DO EVENTO DEPORTIVO CICLISMO “O GRAN CAMIÑO”, ANUALIDADE 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 27 de marzo de 2026, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

1. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RVQP2BMHSV3516JYHCIA66Q.
2. Informe complementario á memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RQSL2DJE45NM3DUQNM4CDKU.
3. Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7RVQP3FIE2TCUDQN5WIZCDGA.
4. Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7RVWBZLQ7373V6RU4GCFXVKA.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7RQSJNGAO4ZS4L2DQDOHYCC4.
6. Informe Xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7RQSITLHV4QSMSVXUSCNHQJY.
7. Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7RQQI22FP4Z7NJUUXUFZRWGA.
8. Proposta de Presidencia, con CSV: IV7RQWCSZRN65XJ7QAP5KNRXF4.
9. Acordo da Xunta de Goberno do 2 de marzo de 2026, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7RQDHIPM75SSB2WZNDF5DFCM.
10. Convite cursado a través da Plataforma de Contratación do Sector Público o día 27 de febreiro de 2026.
11. Acta da Mesa de Contratación do día 6 de marzo de 2026, con CSV: IV7RRSDZLJ4M3DW4W5WWKF2CKU , na que se recolle o seguinte:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	17/88



“(…) Infórmase aos membros da Mesa de Contratación, que a documentación administrativa (Anexo I) presentada polo licitador consta correcta tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir a proposta ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre relativo á fase 1: Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática.

Acto seguido procédese ao exame do Anexo II (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), resultando que o único licitador concorrente oferta un 1% de desconto sobre o prezo, alcanzando unha puntuación de 20 puntos nesta fase.

A mesa de contratación acorda iniciar a fase de negociación (fase 2), de acordo co previsto no PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite a Eze Mosquera Events S.L. Na rolda de negociación, o licitador deberá presentar a través da plataforma de contratos do sector público ou, de non ser posible, por sede electrónica da Deputación de Lugo no prazo máximo de tres días hábiles, contados a partir do día seguinte a aquel no que se curse o convite, a documentación obxecto de negociación (Anexo II bis, do PCAP)”.

12. Acta da Mesa de contratación do día 13 de marzo de 2026, con CSV: IV7RSCLKKFM3WSPDR64743WIE, na que se recolle o seguinte:

(…) “Deuse conta que a mesa de contratación en sesións anteriores, acordou iniciar a Fase de Negociación (Fase 2) de acordo co previsto nas cláusulas 12 e 16 do PCAP, facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para cursar o pertinente convite.

Tendo en conta que o licitador presentou a súa proposta dentro do prazo concedido a tales efectos, a través da plataforma de contratación do sector público, procédese ao estudo da oferta relativa á segunda fase, resultando que o licitador se compromete a realizar – sen custo adicional para a Deputación Provincial de Lugo - unha (1) Charlas/conferencias/evento deportivo/actividades deportivas de promoción do deporte por parte de como mínimo dous (2) ciclistas/técnicos dalgún dos equipos participantes no evento, en colaboración con concellos ou con centros de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo e en colaboración coa Deputación de Lugo., polo que acada 2,5 puntos neste criterio, atendendo ao disposto no PCAP.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

1º.- Outorga ao licitador admitido a seguinte puntuación e clasifícalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	Fase I Oferta presentada: 1% de desconto sobre o prezo: 20 puntos Fase II.: 2,5 puntos TOTAL= Fase I +Fase II :20 puntos+ 2,5 puntos = 22,5 puntos

2º.- Requerir a Eze Mosquera Events S.L., para que dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	18/88





Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a constitución da garantía definitiva polo importe que se relaciona acto seguido, significándolle que de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LICITADOR	IMPORTE GARANTÍA
EZE MOSQUERA EVENTS S.L.	6.045,45 €

(...)”

12.Resolución de Presidencia do día 20 de marzo de 2026, con CSV: IV7R4SDZ3L67RH76S7XH4L3EEM, de clasificación e requirimento de documentación do artigo 150.

13.-Requirimento de documentación, cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 20 de marzo de 2026.

14.- Documentación presentada pola empresa Eze Mosquera Events S.L.U. a través da plataforma de contratación do sector público o día 23 de marzo de 2026.

15.- Documentación de cambio de denominación fiscal presentada pola empresa Eze Mosquera Events S.L.U., agora Emepremiumsports SLU a través da sede electrónica da Deputación de Lugo o día 24 de marzo de 2026.

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 27 de marzo de 2026, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e da sede electrónica da Deputación de Lugo, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. Incorpórase ao expediente certificado da Recadación Provincial, carta de pago da garantía depositada, informe relativo á solvencia técnica e a documentación que presenta a empresa respecto do cambio de denominación fiscal, agora

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	19/88



Emepremiumsports SLU , deixando constancia de que tanto o NIF coma o administrador único seguen a ser o mesmo.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Emepremiumsports SLU a contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo “O gran camiño”, anualidade 2026 expediente 2026/CON_02/000012, polo importe de 120.908,99 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 25.390,89 €, o que fai un total de 146.299,88 €.

Comprométese a realizar – sen custo adicional para a Deputación Provincial de Lugo - unha (1) Charlas/conferencias/evento deportivo/actividades deportivas de promoción do deporte por parte de como mínimo dous (2) ciclistas/técnicos dalgún dos equipos participantes no evento, en colaboración con concellos ou con centros de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo e en colaboración coa Deputación de Lugo.

2º.- Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as 09:58 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico”.


Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación do patrocinio do evento deportivo ciclismo “O gran camiño”, anualidade 2026, expediente: 2026/CON_02/000012, á empresa Emepremiumsports SLU., polo importe de 120.908,99 €, ao que se aplicará un IVE do 21%, 25.390,89 €, o que fai un total de 146.299,88 €, resultado de aplicar o desconto do 1% sobre o prezo ofertado pola empresa.

Comprométese a realizar – sen custo adicional para a Deputación Provincial de Lugo - unha (1) Charlas/conferencias/evento deportivo/actividades deportivas de promoción do deporte por parte de como mínimo dous (2) ciclistas/técnicos dalgún dos equipos participantes no evento, en colaboración con concellos ou con centros de ensino primario/secundario en concellos da provincia de Lugo e en colaboración coa Deputación de Lugo.

2º.- A duración do contrato será ata o 30 de xuño de 2026 que entrará en vigor a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato, ou no seu defecto unha vez formalizado o contrato ata o 30 de xuño de 2026.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	20/88





3º.- Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 3410.22602, do orzamento de gastos do 2026, polo importe indicado no punto 1, para a anualidade 2026.

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo aos interesados. Na data da sinatura dixital”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 “Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)”, p.k. 0+000 a 1+300.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 “Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)”, p.k. 0+000 a 1+300, consta no mesmo:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	21/88



1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7R4DX5KHV5JBOI4FE4M4IWN4¹.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7R4DXPNMN3336TA7UAGNTOEM.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7R4DXPCAMPROX7QJ5NIHXEGE.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7R4DXMPQ4PVTPICY4W6JSGEU.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7R4GP7PJ76TBXYZUFH4ACWAI.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7R4KKPDQMZLGEN25MSMDQVKA.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7R4KKNMHVYXPVK5UFXOICUAM.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: TRABADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6101 “Trabadela (LU-P-6104) – Sante – A Ría (N-640)”, p.k. 0+000 a 1+300, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 162.910,30 €, dos cales 28.273,69 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, p.k. 0+000 a 6+160.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	22/88





“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, p.k. 0+000 a 6+160, consta no mesmo:

1. Proxecto da obra indicada, redactado por José Fernández Parajes.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7R5TPTNRND3G54A3UFGD2VIE¹.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7R5TTLDJ5276J2ABEW64BAF4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7R5TTLNMMKUSULZVPMD3S7MI.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7R5XIDFUOSJPB3WU4EP4KOMQ.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7R6LDNCEET7FPO2QVWCEKXCI.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7R6LDDJQB4WW4KUEIXOBLEKQ.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: TABOADA.- Rehabilitación de firme LU-P-6001 “Taboada (N-540A) – Ada – Mundín (LU-213)”, p.k. 0+000 a 6+160, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

2º.- Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e

¹Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	23/88



transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

3º.- Aprobar o gasto, por importe de 345.804,51€, dos cales 60.015,66 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ORZAMENTO DEFINITIVO DE OBRAS DE EMERXENCIA.

Proposta en relación co orzamento definitivo remitido polo Director Técnico da obra de emerxencia da obra de ALFOZ.- reparación da ponte na LU-P-0208 “As Oiras – O Pereiro” no PQ 2+900.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento – Unidade de Obras e Plans-, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Vista a documentación técnica descritiva remitida en data 26/03/2026 polo Director Técnico das obras de emerxencia sinalada, ao que acompaña memoria, planos, valoración definitiva das obras e recepción das mesmas, infórmase o seguinte:


Primeiro.- Pola Xunta de Goberno en sesión celebrada con data 12/12/2025 a vista dos informes dos Servizos en relación coa actuación de emerxencia sinalada, adoptouse acordo (CSV: IV7Q7SBJBR65ROOKWHYMGIXEEA) declarando a emerxencia e encomendando a execución da obra á mercantil HNOS PICO YAÑEZ SL, no orzamento estimado de 45.851,86€, IVE incluído.

Segundo.- O artigo 120 da LCSP, en su apartado d) establece o seguinte: “Ejecutadas las actuaciones objeto de este régimen excepcional, se observará lo dispuesto en esta Lei sobre cumplimiento de los contratos, recepción y liquidación de la prestación ... indicando ademais: “En el supuesto de que le libramiento de los fondos necesarios se hubiera realizada a justificar, transcurrido el plazo establecido en la letra c) anterior, se rendirá la cuenta justificativa del mismo, con reintegro de los fondos no invertidos”.

Terceiro.- Pola dirección técnica con data 23/06/2026, trasladase a este Servizo de Contratación e Fomento documentación técnica descritiva da execución da obra indicada.

No caso que nos ocupa, entende o que subscribe que por “cuenta justificativa”, refírese ou debe entenderse a valoración definitiva das obras executadas –relación

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	24/88





valorada-, memoria e a acta de recepción redactadas pola dirección técnica así como a factura, unha vez que sexa presentada polo contratista adxudicatario.

Destacar que o propio acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o 12/12/2025, no apartado terceiro do acordo di que “As obras liquidáranse á súa terminación mediante relación valorada (Artigo 179 do RD1098/2001 para o cal , o total resultante da suma dos produto das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementaríanse un 5% en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomende a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP)”;

figurando así na valoración definitiva das obras.

Cuarto. O artigo 179 do RD 1098/2001, apartado 3, sinala “... A liquidación das obras executadas con colaboradores, de acordo co párrafo b) do artigo 176 do RXLCAP, “realizárase mediante relacións valoradas, acompañadas polo correspondente documento contractual onde figure o prezo concertado”.


A vista do anterior, e tendo en conta o establecido no artigo 120 da LCSP, o artigo 322.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Admón. Local de Galicia, en relación co artigo 54.1 e concordantes do Regulamento orgánico da Deputación, infórmase favorablemente a aprobación do orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras –relación valorada-, que ascende a cantidade de 44.980,25€, dos cales 7.806,49€ corresponden ao IVE, e o aboamento á empresa adxudicataria das obras, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, conformada pola dirección técnica e, se achegue a conta xustificativa á Intervención desta entidade.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, unha vez fiscalizado de conformidade, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o orzamento definitivo que figura na valoración definitiva das obras – relación valorada- da obra de emerxencia indicada, que ascende a cantidade de 44.980,25€, dos cales 7.806,49€ corresponden ao IVE.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	25/88



2º.- Proceder ao aboamento á empresa adxudicataria das obras, Hnos Pico Yañez SL, unha vez que polo contratista se presente a correspondente factura, e sexa aprobada a conta xustificativa polo órgano competente”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE OBRAS DE EMERXENCIA.

Proposta de aprobación, se procede, en relación coa actuación por Emerxencia da obra de CHANTADA.- Actuacións precisas para remediar a situación provocada polo movemento dun muro de sostemento existente no p.q. 14+500 da estrada LU-P-1801.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“Polo Servizo de Vías e Obras remitiuse informe de data 07/04/2026, ao que prestou conformidade a Presidencia, en relación coa actuación de emerxencia que se sinala, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“No punto quilométrico 14+500, aproximadamente, da estrada provincial LU-P-1801 “Chantada-Nogueira-Os Peares (LU-P-1010)” existe un muro de sostemento de formigón armado que sufriu un importante desprazamento da súa coroación nun tramo duns 35 m (ver fotografías no Anexo n.º 1).

Este movemento evidencia a existencia dun ou varios mecanismos de inestabilidade que poden provocar o colapso do muro (esvaramento, envorco, afundimento e/ou inestabilidade global).

De producirse o colapso do muro, desaparecería a plataforma da estrada nese tramo e o muro caería sobre os viñedos existentes ladeira abaixo, podendo chegar ata o leito do río Miño.

Posto que, ás veces, nos viñedos atópanse persoas traballando e, posto que, por esa zona do río Miño navegan catamaráns e pequenas embarcacións, considérase que a situación descrita supón un grave perigo.


É necesario, polo tanto, actuar de maneira inmediata para evitar o colapso do muro, reforzando o tramo afectado mediante unha pantalla de micropilotes no trasdós e ancorándoo á devandita pantalla, todo iso segundo o que se derive do estudo xeotécnico e do cálculo estrutural que será preciso realizar previamente.

Polas circunstancias expostas, de carácter excepcional e que supoñen grave perigo, propónse tramitar por emerxencia a execución do necesario para remediar a situación descrita segundo o establecido no artigo 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).

(...)”

Tendo en conta o anterior infórmase o seguinte:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	26/88





Primeiro.- O artigo 120 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP) establece que: “Quando la administración tenga que actuar de manera inmediata a causa de acontecimientos catastróficos, de situaciones que supongan grave peligro, (...)

a) El órgano de contratación, sin obligación de tramitar expediente administrativo podrá ordenar la ejecución de lo necesario para remediar el acontecimiento producido o satisfacer la necesidad sobrevenida, o contratar libremente su objeto, en todo o en parte, sin sujetarse a los requisitos formales establecidos en la presente Ley, incluso el de la existencia de crédito suficiente”.

Segundo.- Tendo en conta o dano da estrada da rede viaria Provincial, “que poden provocar o colapso do muro”, e ponderando que os tempos necesarios para a tramitación incluso urxente dun procedemento de licitación, para responder ás incidencias, estenderíase a un prazo non inferior un mes, parece prudente que ante estes acontecementos que conlevan situacións de grave perigo para persoas e bens se poida executar as actuacións que permitan por en servizo dita estrada o mais áxil posible, evitando posibles maiores danos materiais e/ou persoais.

Debe terse en conta a estes efectos, que o propio artigo 120 da LCSP, establece incluso un prazo máximo dun mes para o inicio da prestación por vía de emerxencia.

Así mesmo, e tendo en conta a imposibilidade de facer unha valoración real do custe de realizar estas actuacións, achégase orzamento estimado elaborado polo Enxeñeiro do Servizo de Vías e Obras, D. Darío Ferreiro Otero, por importe de 330.756,09 euros, dos cales 57.403,95€ correspondería ao IVE.

Indícase tamén o orzamento para os traballos do cálculo estrutural, que ascende a 7.495,95€ (IVE incluído) e os relativos aos traballos do estudo xeotécnico por importe de 9.274,65€ (IVE incluído)

Os orzamentos levan incluído o incremento 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

Non obstante en relación co procedemento de realización de obras por razóns de emerxencia, o artigo 176 do RD 1098/2001, establece que os contratos de colaboración con empresarios particulares, adxudicados por razóns de emerxencia, poderán realizarse contratando coa empresa colaboradora a execución de unidades

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	27/88



completas do proxecto, instalacións ou servizos sobre a base de prezo a tanto alzado, non superior ao previsto no proxecto.

Neste caso incorporase ao expediente un orzamento estimado, asinando a súa conformidade a empresa colaboradora, así como un anexo 3 denominado condicións de execución, baixo as que se deberá executar a obra.

Terceiro.- Executadas as actuacións, por este réxime excepcional, deben cumprimentarse os trámites necesarios para a intervención e aprobación da conta xustificativa, a cuxo efecto e atendendo ao informado polo Servizo de Vías e Obras, a estimación do custo concretarase unha vez terminadas as obras, redactándose a documentación técnica descritiva que incluírá o orzamento definitivo calculado como se establece no artigo 178 do RXLCAP, e en base ao cal se liquidarán as obras mediante relación valorada.


Cuarto.- O órgano competente para resolver sobre o asunto, en función da contía, ao tratarse dunha materia de prestación de tipo contractual (prestación recíproca de orde oneroso) é a Xunta de Goberno, atendendo ademais ao establecido no artigo 59 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202 de data 03 de setembro de 2020.

Quinto.- O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, sinala que a emisión de informes, cando así se estableza na lexislación sectorial, é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial. O apartado 4 do mencionado artigo dispón, a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión.

A vista do anterior, a xuízo do que subscribe, infórmase favorablemente que polo Órgano de Contratación, se tramite por emerxencia a execución da obra de CHANTADA.- Actuacións precisas para remediar a situación provocada polo movemento dun muro de sostemento existente no p.q. 14+500 da estrada LU-P-1801 como consecuencia do desprazamento do muro que pode provocar o colapso do mesmo, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras, ordenando á empresa Xérmolo SA; xa que se trata dunha empresa especializada en tratamentos do terreo, que conta con experiencia necesaria para executar os traballos e conta cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, segundo a proposta do Servizo de Vías e Obras, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 330.756,09€, IVE incluído; a empresa Investigación y Control Lugo SL a execución dos traballos de estudo xeotécnico do terreo no importe de 9.274,65€, IVE incluído; e a empresa Cimarq SL os traballos de cálculo estrutural da pantalla de micropilotes, das ancoraxes e de outros elementos

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	28/88





estruturais que se precisen no orzamento 7.495,95€ IVE incluído; aos cales prestaron a súa conformidade, e liquidándose a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para os empresarios ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP), formulándose pola Área de Xestión Territorial as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada.

E canto procede informar, sen prexuízo de mellor criterio fundado en dereito”.

Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


1º.- Declarar de emerxencia a execución da obra de CHANTADA.- Actuacións precisas para remediar a situación provocada polo movemento dun muro de sostemento existente no p.q. 14+500 da estrada LU-P-1801, como consecuencia do desprazamento do muro que pode provocar o colapso deste, que sostén a estrada provincial LU-P-1801, de acordo coa memoria redactada polo Servizo de Vías e Obras con un orzamento estimado e que ascende a cantidade de 330.756,09€ euros, IVE incluído.

2º.- De acordo coa proposta do Servizo de Vías e Obras,

a. Ordenar a empresa Xérmolo SA, xa que se trata dunha empresa especializada en tratamentos do terreo, que conta con experiencia necesaria para executar os traballos e conta cos medios e a dispoñibilidade para acometer as obras de maneira inmediata, a execución das obras necesarias para remediar a incidencia, no orzamento estimado de 330.756,09€, IVE incluído, o cal prestou a súa conformidade, e un prazo de execución de 4 meses.

b. Executar os traballos de estudo xeotécnico do terreo mediante colaboración da mercantil Investigación y Control Lugo SL, no orzamento de 9.274,65€ IVE incluído.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	29/88



c. Executar os traballos de cálculo estrutural de pantalla de micropilotes, das ancoraxes e de outros elementos estruturais que se precisen mediante a colaboración da mercantil Cimarq SL no orzamento de 7.495,95€ IVE incluído.

3º.- As obras liquidaranse a súa terminación mediante relación valorada (artículo 179 do RXLCAP), para o cal o total resultante da suma dos produtos das medicións definitivas polos prezos unitarios incrementarase un 5 % en concepto de percepción económica para o empresario ao que se lle encomenda a execución da obra (artigos 176 e 178 do RXLCAP).

4º.- Determinar que pola area de Xestión Territorial formulen as ordes necesarias para a execución das prestacións necesarias a fin de atender as necesidades derivadas das situacións de emerxencia e consecuentemente garantir a seguridade vial no menor prazo posible co acceso aos distintos núcleos de poboación e o tránsito pola amentada estrada”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE APLICACIÓN DE REMANENTES DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

1º.- Proposta de aprobación, se procede, relación co escrito da alcaldía do Concello de FRIOL solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos Nº 112-113 incluídos no Plan Deputación 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de FRIOL no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (112-113) incluídos no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	30/88





Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2026, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2026.

(...)

As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

3. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de FRIOL presentou Anexo III de obras incluídas no plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FRIOL	112	MELLORA DO VIARIO MUNICIPAL EN MUNDÍN, RACAMONDE, SIXTO, VILAPEDRE, FONTES, SAN MARTÍNO DE BRA E MOSQUEIROS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	21.826,89€
	113	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS A LOS NÚCLEOS DE CASTORRES, CASANOVA, CORTEPORCOS, MACEDO, A HEDREIRA, CARBALLAL, O REBOLO E TODÓN, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	12.631,87€

5. Por escrito con RE nº 2026RT005998 de data 24/03/2026 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	31/88



inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FRIOL	REM	REPARACIÓN VIARIA NOS NÚCLEOS DE VILAR, RÍO SECO E RAMELLE, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	34.458,76€	34.458,76€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2025, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de FRIOL, no Plan Deputación 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de FRIOL e incluír no Plan Deputación 2025, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FRIOL	REM	REPARACIÓN VIARIA NOS NÚCLEOS DE VILAR, RÍO SECO E RAMELLE, INCLUIDO HONORARIOS	1531.76201	--	34.458,76€	34.458,76€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de aprobación, se procede, en relación co escrito da alcaldía do concello de BECERREÁ solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos Nº 42-45 incluídos no Plan Deputación 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	32/88





“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de BECERREÁ no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (42-45) incluídos no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

2. Nas devanditas bases establécese, concretamente na base 15 “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións, ou derivadas de modificacións/substitucións de investimentos, poderán ser investidas por cada concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa).

Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2026, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.


Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o/s cartel/es como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán xustificados no mesmo prazo que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, xustificados no prazo de 2 meses desde a finalización da obra/investimento, e en todo caso na data límite do 15 de novembro de 2026.

(...)

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	33/88



As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

3. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

4. O Concello de BECERREÁ presentou Anexo III de obras incluídas no plan Deputación, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
BECERREÁ	42	MELLORA DE ACCESO DE SEVANE, LIBER A MUÑEZ E PONTES DE GATÍN	1531.76201	1.218,18€
	45	ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PICK UP CON PLATAFORMA ELEVADORA	9200.76201	3.879,20€

5. Por escrito con RE nº 2026RPE004926 de data 26/03/2026 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguinte actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVERSIÓN
BECERREÁ	REM	REHABILITACIÓN DE CAMIÑO EN SEVANE	1531.76201	1.380,90€	1.218,18€	2.599,08€
		ADQUISICIÓN DE CAIXÓN DE ALMACENAMENTO PARA VEHÍCULO PICK UP	9200.76201	--	3.879,20€	3.879,20€

6. Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 15 das do Plan Deputación 2025, "...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someterans a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión.

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de BECERREÁ, no Plan Deputación 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	34/88





1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de BECERREÁ e incluír no Plan Deputación 2025, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
BECERREÁ	REM	REHABILITACIÓN DE CAMIÑO EN SEVANE	1531.76201	1.380,90€	1.218,18€	2.599,08€
		ADQUISICIÓN DE CAIXÓN DE ALMACENAMENTO PARA VEHÍCULO PICK UP	9200.76201	--	3.879,20€	3.879,20€

2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a promoción turística do concello a través do FIV 2026 (Festival Independente de Vilalba). Anualidade 2026

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(....)

“En relación co escrito, presentado por dona Marta María Rouco Seaone, en nome e representación do Concello de Vilalba, con CIF: P2706500B, con RE, nº: 22026RT002248 de data 09.02.2026, , mediante o cal solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	35/88



dunha actuación na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común no proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)”, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

1. A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para levar a cabo o proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)”, enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común”. Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas (...)”.

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48.9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.

2.0 Concello de Vilalba é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove as actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiración da comunidade veciñal.

O Concello de Vilalba, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades da comunidade veciñal, en todo caso, exercera

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	36/88





como propias, entre outras, “h) información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”.


Por outro lado o Concello de Vilalba ten unha situación privilexiada na comarca da Terra Cha para o fomento do turismo así como importantes recursos naturais etnográficos. Atópase na metade norte da provincia de Lugo situado dentro da comarca da Terra Cha; limita polo norte cos concellos de Abadín, Muras e Xermade, polo sur, con Cospeito, Begonte e Guitiriz, polo leste, con Abadín e Cospeito e polo oeste con Xermade e Guitiriz. Posúe unha densidade de poboación de 38,64 hab./km², e unha superficie de 379 km², o que o converte no segundo maior dos concellos galegos en canto a superficie. A poboación de Vilalba distribúese nas 29 parroquias que integran o concello, ademais do núcleo urban da vila.

En relación ao seu impacto económico, esta actuación repercute economicamente de forma positiva no Concello e en toda a contorna, pois ca “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)”, se revalorizará e reactivará as potencialidades transversais coa difusión do coñecemento dos recursos locais, aportando un plus de innovación e novidade o turismo no concello de Vilalba.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

3. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	37/88



Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...)b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non lles resulta de aplicación a lexislación xeral de subvencións.

4. En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores de subministros e de servizos nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde a Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.


A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Vilalba, comprométese aportar a cantidade de 120.000,00 € como fondos propios da administración solicitante de acordo co orzamento previsto, resultando un importe total orzamentario do proxecto de 170.000,00€.

5. Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes no proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)” na anualidade 2026. É todo canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado en dereito.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno da Deputación se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para levar a cabo o proxecto denominado “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)” por importe total de 170.000.00€, co seguinte teor:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	38/88





“Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Promoción turística do concello a través do FIV 2026 (Festival Independente De Vilalba)” no Concello de Vilalba, ano 2026.

Interveñen.

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Dona Marta María Rouco Seoane, como Alcaldesa do Concello de Vilalba, con N.I.F P2706500B e sede social na Praza da Constitución nº 1, CP 27800, Vilalba (Lugo) actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.


Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

Manifestan.

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	39/88



Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:


“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	40/88





voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualdo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	41/88



asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.


Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	42/88





teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).


Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

Cláusulas.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	43/88



Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)	170.000,00€
CUSTE TOTAL	170.000,00€

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométese a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
50.000,00€€	120.000,00. €
TOTAL: 170.000,00€	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométese a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Vilalba.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese promocionar a provincia de Lugo e o Concello de Vilalba, a través do FIV (Festival independente de Vilalba), que é un evento con proxección a nivel nacional e internacional.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

- 1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
- 2.En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade .

4.2. O Concello de Vilalba

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Vilalba comprométese ao seguinte:

- 1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	44/88





2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.
4. Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

A). Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 50.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.- Achega do Concello:


O Concello de Vilalba efectuará unha achega de 120.000,00€ e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade compartida, posto que os efectos a nivel turístico, cultural, económico ou social son comúns e benefician ao municipio de Vilalba, aos limítrofes da comarca da Terra Cha, e en xeral a toda a provincia de Lugo.

C) Xustificación da achega económica.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	45/88



O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Vilalba se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	46/88





Sexta.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 40.000,00€

Neste caso, a representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.


A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026..

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028. debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	47/88



A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena .- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:


- a)Velar polo cumprimento deste convenio.
- b)Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c)Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d)Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e)E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	48/88





De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

Décimo segunda.-Protección de datos.

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: "Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	49/88



Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

2º.- Aprobar o gasto de 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2026, a favor do Concello de Vilalba, para sufragar os gastos derivados da “Promoción Turística do Concello a través do FIV 2026 (Festival independente de Vilalba)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE ACEPTACIÓN DA DECISIÓN DE APROBACIÓN DO COMITE DE XESTIÓN DEL POCTEP Á CANDIDATURA 0557 AGROSOCIAL PLUS 6 E - ECOSISTEMAS INNOVADORES DE ECONOMÍA SOCIAL AGROALIMENTARIA.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	50/88





Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“A situación do mercado laboral no medio rural constitúe un factor clave para a fixación de poboación e a cohesión territorial. Neste contexto, o proxecto Agrosocial Plus promove a creación de ecosistemas innovadores de economía social no ámbito agroalimentario, impulsando a cooperación entre axentes do territorio e o desenvolvemento de iniciativas emprendedoras sostibles. A través desta estratexia preténdese fortalecer o tecido socioeconómico rural, favorecer a creación de emprego de calidade e contribuír á atracción e retención de talento, como ferramenta para mitigar os procesos de despoboamento.

Con data 13 de febreiro de 2026 a Deputación de Lugo presta apoio á candidatura do proxecto 0557_Agrosocial_Plus_6_E Ecosistemas Innovadores de Economía Social Agroalimentaria dentro del programa de cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado por el Fondo Europeo de Desarrollo Regional (FEDER) na que a Deputación de Córdoba es beneficiaria principal.

O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), na súa reunión do 29/01/2026 en *Teams*, acordou a concesión dunha axuda FEDER de 1.546.822,39 euros ao proxecto 0557_Agrosocial_Plus_6_E, presentado a la sexta convocatoria.

Ante este acordo a Deputación de Córdoba da traslado da resolución o resto de socios participantes, para que realicen as actuacións necesarias para dar cobertura ó acordo do proxecto.

O orzamento total das actuacións previstas no proxecto Agrosocial Plus ascende a un importe total de 2.062.429,85€ dos cales son financiados o 75%, que se corresponde con 1.546.822,39 euros, tendo que ser asumida a diferenza polo resto de beneficiarios tal e como se recolle no seguinte cadro:

BENEFICIARIO	COSTE ELEXIBLE	APROBADO FEDER	% COFINANCIACIÓN
Diputación Provincial de Córdoba	311.152,93	233.364,70	75%

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	51/88



Diputación Provincial de Cáceres	296.969,12	222.726,84	75%
Município do Fundão	78.142,00	58.606,50	75%
Comunidade Intermunicipal do Alto Minho	62.817,28	47.112,96	75€
CONFAGRI - Confederação Nacional das Cooperativas Agrícolas e do Crédito Agrícola de Portugal, CCRL	84.112,17	63.084,13	75%
Fundación Europea para la Innovación y Desarrollo de la Tecnología (INTEC)	238.487,07	178.865,30	75%
Cooperativas Agro-alimentarias Extremadura, Unión de coop.	98.011,92	73.508,94	75%
Diputación Provincial de Lugo	242.884,72	182.163,54	75%
Associação para o Desenvolvimento do Baixo Guadiana - ODIANA	158.133,15	118.599,86	75%
AGACA-Unión de Cooperativas, Asociación Galega de Cooperativas Agrarias	127.172,55	95.379,41	75%
Cooperativas Agroalimentarias de Andalucía	118.954,41	89.215,81	75%
Diputación Provincial de Cádiz Instituto de Empleo y Desarrollo Socioeconómico y Tecnológico (IEDT)	245.592,53	184.194,40	75%
Total	2.062.429,85	1.546.822,39	75%

Atendendo a memoria do proxecto e a orde reguladora da convocatoria as actuacións por categoría de gasto e orzamento son as seguintes:

	Categoría 1	Categoría 2	Categoría 3	Categoría 4	Total
Importe	122.264,00	18.339,60	9.781,12	92.500,00	242.884,72

Resumen de orzamento total por categoría de gasto e actividade

Actividades	Categoría 1	Categoría 2	Categoría 3	Categoría 4
LIVING LABS	17.820,00	2.673,00	1.425,60	0,00
ESCUELA TRANSFRONTERIZA DE ALTA DIRECCIÓN PARA EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL	34.080,00	5.112,00	2.726,40	60.000,00
EMPRENDIMIENTO SOCIAL AGROALIMENTARIO	36.954,00	5.543,10	2.956,32	28.000,00
PROMOCIÓN DE PRODUCTOS LOCALES TRANSFRONTERIZOS	2.960,00	444,00	236,80	0,00
Gestión y coordinación	6.090,00	913,50	487,20	4.500,00
Visibilidad, transparencia y comunicación	24.360,00	3.654,00	1.948,80	0,00
Total por categoría	122.264,00	18.339,60	9.781,12	92.500,00

Resumen Do orzamento total por categoría de gasto y anualidad

Anualidades	Categoría 1 (Gastos de persoal)	Categoría 2 (Gastos indirectos)	Categoría 3 (Gastos de viaxe)	Categoría 4 (Gastos de servizo)	Total	Aportación Deputación de Lugo (25%)
2026	18.339,60	2.750,94	1.467,17	13.875,00	36.432,71	9.108,18
2027	61.132,00	9.169,80	4.890,56	46.250,00	121.442,36	30.360,59
2028	42.792,40	6.418,86	3.423,39	32.375,00	85.009,65	21.252,41
Total	122.264,00	18.339,60	9.781,12	92.500,00	242.884,72	60.721,18

Polo anteriormente exposto e á vista dos informes emitidos polos respectivos Servizos desta Entidade, Proponse á Xunta de Goberno que se adopten os seguintes acordos:

1.- Aprobar a aceptación da decisión de aprobación do Comité de Gestión del POCTEP como beneficiario da axuda para "Ecosistemas innovadores de Economía Social agroalimentaria" Agrosocial_Plus dentro da convocatoria Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027.

2.- Aprobar o orzamento total da actuación ascende a 242.884,72€ desagregado da seguinte forma:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	52/88





Anualidades	Categoría 1 (Gastos de persoal)	Categoría 2 (Gastos indirectos)	Categoría 3 (Gastos de viaxe)	Categoría 4 (Gastos de servizo)	Total	Aportación Deputación de Lugo (25%)
2026	18.339,60	2.750,94	1.467,17	13.875,00	36.432,71	9.108,18
2027	61.132,00	9.169,80	4.890,56	46.250,00	121.442,36	30.360,59
2028	42.792,40	6.418,86	3.423,39	32.375,00	85.009,65	21.252,41
Total	122.264,00	18.339,60	9.781,12	92.500,00	242.884,72	60.721,18

Aportación Feder (75%)	Aportación Deputación de Lugo (25%)	Orzamento Total
182.163,54€	60.721,18€	242.884,72€

3. A Deputación de Lugo, asume o compromiso de cofinanciar con fondos propios a parte non subvencionada pola aportación Feder, para o proxecto "Ecosistemas innovadores de Economía Social agroalimentaria" Agrosocial_Plus dentro da convocatoria Interreg VI A España - Portugal (POCTEP) 2021-2027, que será o 25% do custo do orzamento subvencionable e que como máximo ascenderá a 60.721,18€ a executar en tres anualidades segundo o indicado na resolución, sendo a data de inicio o 30 de xuño de 2026 e a data de fin o 31 de decembro de 2028".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA ÁS SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DESTINADAS Á REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE INTERESE CULTURAL POR ASOCIACIONES CULTURAIS DA PROVINCIA DE LUGO, ANUALIDADE 2024.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor: "En relación cos expediente de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencions concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, celebrada o día 13 de decembro de 2024 onde se resolveu o concurso convocado, segundo o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 082, do día 9 de abril de 2024, para a concesión de subvencions destinadas á

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	53/88



realización de actividades de interese cultural por asociacións culturais da provincia de Lugo, na anualidade 2024.

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aproben as seguintes renunciadas presentadas ante a Excm. Deputación Provincial de Lugo (na data e co n.º de rexistro que se reflicte):

N.º EXPEDIENTE	ENTIDADE	CIF	IMPORTE SUBVENCIÓN	DENOMINACIÓN ACTIVIDADE	DATA E N.º REGISTRO
2024/CCP_01/001049	ASOC. SOCIOCULTURAL XINETES DE LABRADA	G27510122	929,00€	RUTA CABALAR O SAN ANTONIO	23/03/2026 2026RT005748
2025/PES_03/008059	ASOC. CULTURAL DE VECIÑOS DO CAMPO DE SAN XOÁN	G27491000	837,00€	ACTIVIDADES DO SAN XOÁN	03/03/2026 2026RT003821

Todo ao que se lle da traslado aos efectos oportunos”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA CONVOCATORIA, DAS BASES DA CONVOCATORIA, DO GASTO, E DOS ANEXOS DOS PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ESPECIALIDADE RALLY DE ASFALTO, TERRA OU MONTAÑA, VEHÍCULOS HISTÓRICOS E ENERXÍAS ALTERNATIVAS NA ANUALIDADE 2026.

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Tendo en conta que a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo, dentro das súas competencias en materia de Deportes, considera necesario seguir establecendo e mantendo mecanismos de apoio e fomento da práctica deportiva.

Tendo en conta que nesa perspectiva se desenvolve a convocatoria de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026, co fin de promover e difundir o deporte e tendo en conta o peso da disciplina no deporte lucense e o seu importante seguimento social e así mesmo como mecanismo de impulso e fomento da actividade deportiva desta competición.

Visto que de acordo co previsto no vixente Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026, búscase promover ente outros obxectivos específicos dos recollidos no referido Plan:

4) (...) Fomentar o deporte e a práctica deportiva como instrumento de cohesión e de integración social.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	54/88





- 5) Fomentar a través da práctica deportiva a mellora do rendemento escolar, a loita contra a obesidade, aloita contra a delincuencia ou outro tipo de adiccións.
 - 6) Proporcionarlle á poboación a posibilidade dunha practica deportiva continuada.
 - 12) Apoiar as entidades deportivas e a práctica deportiva de deportistas de deportes individuais da provincia.
 - 13) Propiciar a practica deportiva da poboación da provincia.
 - 14) Promover e fomentar un aumento da practica deportiva da poboación que supoña un aumento do tempo de lecer saudable.
 - 17) Á promoción e formación deportiva a través da promoción do deporte limpo e de maior repercusión social.
 - 22) Desenvolver iniciativas novas ou de nova implantación na provincia, co fin de consolidar a practica deportiva na provincia.
- Visto o informe do servizo de Deportes
Visto o informe do servizo de Contratación e Secretaría Xeral
Visto o informe do Servizo de Intervención.


Polo anteriormente exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a convocatoria e as bases da convocatoria que rexerán no proceso de concesión dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas na anualidade 2026.

2º.- Aprobar o gasto correspondente por un importe total de corenta e cinco mil euros (45.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 3410.481 do orzamento da anualidade 2026, segundo se recolle no Plan Estratéxico de Subvencións (Plan Plurianual 2026-2028) da Deputación Provincial de Lugo e no Anexo I, sobre liñas, actuacións específicas e créditos inicialmente dispoñibles para o exercicio 2026, aprobado por acordo da Xunta de Goberno na data do 23 de xaneiro de 2026.

3º.- Aprobar os modelos de anexos para participar nesta convocatoria”.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	55/88



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES XERAIS POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE CARÁCTER TEMPORAL EN PROGRAMAS CON FINANCIACIÓN EXTERNA NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (COTA XERAL OU COTA DE RESERVA A PERSOAS CON DISCAPACIDADE).

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“1. Obxecto das presentes bases xerais.

As presentes bases xerais teñen por obxecto establecer o procedemento de selección que rexerá a elaboración de listaxe para prestar servizos temporais ligados a programas con financiación externa na Deputación Provincial de Lugo.

As bases xerais serán completadas coas bases específicas das correspondentes listaxes de emprego temporal que se convoquen.

Os servizos temporais poderán prestarse segundo determina o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público como:

1.1. Persoal funcionario interino, nos supostos previstos no artigo 10.1.

1.2. Persoal laboral temporal, en virtude de contrato de traballo suscrito por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral.

As modalidades de contratación laboral serán as que se sinalan no artigo 15 do Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatutos dos traballadores, no RD 32/2021 do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo ou na norma legal que no futuro a substitúa.

2. Normas de aplicación.

Aos procesos selectivos para incorporarse á listaxe de emprego temporal para prestar servizos temporais ligados a programas con financiación externa na Deputación Provincial de Lugo, seralles de aplicación a seguinte normativa:

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local;

Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local;


Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público;

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local;

Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia;

Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e provisión de

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	56/88





postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado;

Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade;

Acordo marco para o persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo;

Convenio colectivo para persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo;

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC);

Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP);

Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores;

Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCCP).

RD 32/2021 do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo ou na norma legal que no futuro a substitúa.

3. Convocatoria.


A Xunta de Goberno, tendo en conta as necesidades dos servizos, adoptará acordo no que convoque ás persoas interesadas en participar nos procedementos selectivos para constituír listaxes para prestar servizos temporais en programas con financiación externa na Deputación Provincial de Lugo.

A convocatoria para a elaboración das ditas listaxe a empregos temporais, bases xerais e bases específicas publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo, na páxina web corporativa da Deputación de Lugo (apartado emprego público – RRHH) e taboleiro de anuncios da entidade.

Cando as bases xerais e/ou específicas xa estean publicadas no BOP, na convocatoria farase referencia ao BOP correspondente.

4. Requisitos que deben cumprir as persoas aspirantes para ser admitidas ao proceso selectivo.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	57/88



As persoas aspirantes deberán posuír os requisitos que seguidamente se sinalan na data de remate do prazo de presentación de instancias e estar en condicións de acreditarlos antes de propoñer a resolución pola que se nomeen ou se resolvan as contratacións.

a) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Ter nacionalidade española; ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea; ser nacional dalgún Estado, en virtude dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España, no que sexa aplicable a libre circulación de persoas traballadoras.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. En iguais condicións poderán participar os seus descendentes e os/as do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

c) Posuír a titulación académica esixida nas bases específicas correspondente á praza que se convoca ou estar en condicións de obtela na data na que remata o prazo de presentación de instancias. As persoas aspirantes con titulación obtida no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas da praza que se convoca.

e) Non ter sido separado/a, nin despedido/a, mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no seu caso o persoal laboral, do cal a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Ademais dos requisitos anteriores, os/as aspirantes que se presenten pola cota de reserva a persoas con discapacidade, deberán que ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, condición que se deberá acreditar antes de rematar o prazo de presentación de solicitudes xunto coa mesma, de forma que si durante o proceso selectivo a mesma desaparecera ou diminuíse quedando por debaixo do porcentaxe sinalado, procederase de oficio a realizar o cambio a quenda de acceso libre.

5. Solicitudes.

Para participar no proceso selectivo as persoas aspirantes deberán presentar solicitude na que indicarán que reúnen todos os requisitos esixidos na base xeral 4 para ser admitidos/as, con anterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias e que están en condicións de acreditarlos antes de que se propoña o nomeamento/contrato de traballo.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	58/88





As persoas aspirantes que soliciten adaptación de probas, por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%, deberán indicalo expresamente na solicitude, especificando a adaptación que solicitan.

5.1. Modelo de solicitude

O modelo figura como Anexo I ás presentes bases e estará dispoñible en formato editable na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público - RRHH.

Tamén estará dispoñible o formulario na sede electrónica no catálogo de servizos - Recursos Humanos.

5.2. Lugar e forma de presentación

As persoas aspirantes poderá presentarse a solicitude:

a) No rexistro electrónico da Deputación a través da sede electrónica no catálogo de servizos - Recursos Humanos.

Para realizar a presentación electrónica, as persoas aspirantes deberán ter en conta que os documentos que se relacionan na base 5.4 deben ser auténticos, estar validados ou compulsados.

Para cubrir o formulario de solicitude, ás persoas aspirantes deberán identificarse en primeiro lugar na sede electrónica da Deputación de Lugo, utilizando un certificado electrónico recoñecido e válido, e de seguido cumprimentar a solicitude/formulario electrónico e achegar a documentación que se sinala na base 5.4.

b) No rexistro xeral da Deputación Provincial de Lugo de forma presencial ou en calquera outro lugar dos sinalados no artigo 16.4 da LPAC.

5.3. Prazo de presentación

O cómputo de prazos farase conforme ao previsto no artigo 30 da LPAC.

O prazo de presentación das solicitudes será de 10 días naturais dende o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.


5.4. Documentación que deberá achegarse á solicitude

a) A titulación académica oficial esixida na correspondente base específica.

b) O DNI, pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público.

c) O nivel de galego esixido na correspondente base específica.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	59/88



d) O xustificante do pago da taxa de participación en procedementos selectivos (base xeral 5.6).

No suposto de pagar taxa reducida deberá achegar as acreditacións da condición de persoa desempregada xunto coa de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

e) Acreditación documental dos méritos relacionados na solicitude de participación no proceso selectivo segundo o sinalado no apartado 10.1. Baremo de méritos das presentes bases.

A acreditación dos méritos debe realizarse, dentro do prazo de presentación de solicitudes, mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal

Os méritos non acreditados como sinalan as bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

f) Certificado de discapacidade no suposto de solicitar adaptación de probas ou participar en listaxe de emprego reservados a persoas con discapacidade.

g) Acreditación doutros requisitos esixidos na correspondente base específica.

5.5.Taxa de participación en procesos selectivos

A contía da taxa será de 15€ ou 3,75€ si se presenta certificación do Servizo Público de Emprego que acredite a condición de persoa desempregada xunto coa certificación de non percibir prestación de desemprego na súa modalidade contributiva.

Forma de pagamento: en efectivo nas oficinas da Tesourería da Deputación de Lugo, mediante transferencia bancaria ao número de conta ESO4-2080-0163-8531-1000-0423 de Abanca ou a través de calquera outro medio dispoñible no momento da presentación de solicitudes polo que quede acreditado o pagamento.

En ningún caso o pagamento da taxa por participación en procesos selectivos e a xustificación do pagamento substituirá a obriga de presentar en tempo a solicitude, non sendo emendable e quedando excluídas definitivamente as persoas que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

5.6.Consecuencias de non aboar a taxa.

As persoas aspirantes que non abonen a taxa dentro do prazo de presentación de instancias, serán excluídas da listaxe de admitidos/as.

5.7.Devolución da taxa aboada ás persoas aspirantes.

Para proceder á devolución da taxa, as persoas aspirantes deberán figurar como excluídas na listaxe definitiva.

Non procederá a devolución do importe aboado nos supostos de renuncia a participar no proceso das persoas aspirantes admitidas provisional ou definitivamente.

5.8 Erros nas solicitudes.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.


5.9 Defectos das solicitudes.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6. Admisión de aspirantes.

6.1. Listaxe provisional

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	60/88





Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a presidencia da Deputación, ditará resolución na que se aprobe a listaxe provisional de persoas admitidas e, se é o caso, excluídas, indicando nome e apelidos e a causa de exclusión cando proceda.

A resolución publicarase na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público - RRHH e no taboleiro de anuncios da entidade.

6.2. Prazo de alegacións

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles, dende o seguinte o da publicación da listaxe provisional na páxina web corporativa e taboleiro de anuncios da entidade, para presentar alegacións.

6.3. Listaxe definitiva

De considerarse as alegacións presentadas, aprobarase a listaxe definitiva, que se publicará nos mesmos lugares que a provisional.

De non existir alegacións á listaxe provisional, ou se as alegacións non foran suficientes para a súa consideración, entenderase definitiva sen necesidade de nova publicación.

Os erros materiais poderán ser corrixidos de oficio, ou a petición da persoa interesada en calquera momento do procedemento selectivo.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando no momento da presentación da documentación se desprenda que non se posúa algún dos requisitos esixidos, as persoas aspirantes decaerán en todos os dereitos que poidan derivar da súa participación.

6.4. Recursos contra a listaxe definitiva.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da presidencia da Entidade, no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva na páxina web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous (2) meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación na web corporativa e no taboleiro de anuncios, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

7. Tribunal de selección.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	61/88



7.1. Designación e composición do Tribunal

O Tribunal cualificador será nomeado pola presidencia da Deputación e acomodarse ao establecido no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos tribunais as persoas de elección ou designación política, os/as funcionarios/as interinos/as e o persoal eventual.

Os membros do Tribunal deberán posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso a praza/posto/emprego da listaxe que se convoca.

Estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, podendo actuar indistintamente.

Presidente/a: a persoa que exerza a xefatura do Servizo de Recursos Humanos da Deputación Provincial de Lugo ou persoal funcionario que o/a substitúa.

Vogais: tres técnicos/as ou expertos/as designados/as pola presidencia da Deputación Provincial de Lugo

Secretario/a: o/a da corporación ou persoa funcionaria que o/a substitúa.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

A resolución do nomeamento do Tribunal publicarase na web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público (RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

7.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoas técnicas especialistas, así como de persoal de colaboración en tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.


7.3. Abstención e recusación

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á presidencia, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e, conforme determina o artigo 13 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria e, igualmente, cando realizen esa actividade dende a publicación da convocatoria.

A presidencia do Tribunal solicitará aos resto de membros, persoal asesor e colaborador, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos/as nas circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e no artigo 13 do Real decreto 364/1995.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	62/88





A presidencia da Deputación, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación.

Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

7.4.Actuación do Tribunal

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso, das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

A citación ao Tribunal para a súa constitución incluírase na resolución pola que se lles cita para a realización da proba de galego.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, e ao resto do ordenamento xurídico.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O Tribunal adoptará todas as decisión que lle corresponda para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

O Tribunal, no suposto de solicitar a adaptación de probas persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias.

7.5. Indemnizacións

Os membros do Tribunal cualificador, así como o persoal asesor e colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes indemnizacións na contías establecidas no Real decreto 462/2002, do 24 de maio, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	63/88



8. Sistema de selección.

O sistema de selección será o concurso. A puntuación máxima do concurso será de 40 puntos.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

9. Proba de galego.

Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPG, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido nas correspondentes bases específicas.

Esta proba será obrigatoria e eliminatoria.

Nesta proba cualificarase á persoa aspirante co resultado de apto/a ou non apto/a. Para superar a proba será necesario obter o resultado de apto/a quedando eliminadas do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, sen acreditar o nivel de galego esixido, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido, no tempo máximo que determine o Tribunal.

9.1. Citación para a realización da proba de galego.

A resolución da presidencia da Deputación Provincial de Lugo pola que se cita ao Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditaran o nivel de galego esixido nas presentes bases) para a realización da proba de galego publicarase na páxina web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade, garantíndose unha antelación mínima de corenta e oito (48) horas dende a data de publicación na páxina web.

A proba realizarase, sen outra asistencia que a das persoas aspirantes, a do Tribunal, e no seu caso, a do persoal asesor e colaboradores.


9.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, sendo excluídas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan.

No caso de mulleres embarazadas que prevegan a coincidencia do parto coas datas de realización da proba de galego polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, ou eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do Tribunal, xuntando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse antes do comezo das probas e levará consigo o consentimento da interesada para permitir o acceso do Tribunal cualificador ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O Tribunal cualificador decidirá en cada caso, con fundamento na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben realízalas noutra data, ou ámbalas medidas conxuntamente. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións do Tribunal nesta cuestión, sen prexuízo de que as razóns de

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	64/88





impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

9.3. Identificación.

O día da realización da proba de galego, as persoas aspirantes citadas, deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento identificativo oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

9.4. Anonimato.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para garantir que a proba de galego sexa corrixida sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes.

Para garantir o anonimato na proba escrita, cando sexa posible, empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control que será o que utilice a persoa aspirante para participar na proba.

Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre cerrado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se publiquen as cualificacións.

Non obstante o anterior, as persoas aspirantes poderán ser requiridas polo Tribunal en calquera momento coa finalidade de acreditar a súa identidade.

O Tribunal anulará aquelas probas nas que figuren elementos (marcas, sinaturas, utilización de bolígrafos diferentes aos que se entregan...) que permitan coñecer a identidade das persoas aspirantes, excluíndoas definitivamente do proceso selectivo.

9.5. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización da proba de galego a aquelas persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con iso non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou mengue o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PJC/804/2025, do 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	65/88



escala da praza/posto/emprego á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

9.6. Criterios de corrección.

Para respectar os principios de publicidade, transparencia, obxectividade e seguridade xurídica que deben rexer no acceso ao emprego público, o Tribunal adoptará, establecerá e informará ás persoas aspirantes, con anterioridade á realización da proba de galego, os criterios de corrección, que non estean expresamente establecidos nas bases da convocatoria.

9.7. Publicación e alegación.

Os resultados da proba de galego farase público na páxina web corporativa da Deputación Provincial de Lugo (apartado Emprego Público - RRHH) e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na páxina web corporativa da Deputación Provincial de Lugo - (apartado Emprego Público - RRHH).

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

10. Concurso.

Constará dun baremo de méritos e dunha entrevista curricular.

Os resultados do concurso publicaranse na páxina web corporativa da Deputación Provincial de Lugo, no apartado Emprego Público - RR.HH, e no taboleiro de anuncios da entidade.

10.1 Baremo de méritos.

Cualificarase ata un máximo de 30 puntos.

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos das persoas que acreditaron o coñecemento do nivel de galego esixido ou superaron a proba de galego.

O baremo de méritos que regulará o concurso figura como Anexo II ás presentes bases.

Os méritos non acreditados como sinalan as bases no serán tidos en conta polo Tribunal.

10.2 Entrevista curricular.

Cualificarase ata un máximo de 10 puntos.


A entrevista curricular terá como finalidade apreciar o grao de madurez, grao de formación xeral e técnica, formación e experiencia acreditadas no currículo, en relación coas funcións que se sinalan nas bases da praza/posto/emprego da listaxe que se convoca, valorándose principalmente a aptitude e actitude da persoa aspirante.

A entrevista será obrigatoria, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes que non se presenten a súa realización.

Motivando na urxencia da incorporación de efectivos, a realización da entrevista curricular poderá realizarse de forma consecutiva á da realización da proba de galego unha vez se comuniquen as cualificacións da proba.

11. Cualificación final e orde da listaxe.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	66/88





O Tribuna fixará a cualificación final das persoas aspirantes que virá determinada polo pola suma das cualificacións obtidas no baremo de méritos e na entrevista curricular, establecéndose para estes efectos a orde da listaxe de emprego temporal. A vista das cualificacións finais obtidas, o Tribunal establecerá á orde da listaxe de emprego temporal, de maior a menor puntuación.

11.1 Resolución de empates.

No caso de empate entre dúas ou máis persoas aspirantes, acudirase aos seguintes criterios ata que se resolva:

1º.- Puntuación obtida no baremo de méritos;

2º.- Puntuación obtida no apartado experiencia;

3º.- Puntuación obtida no apartado experiencia profesional;

4º.- Puntuación obtida no apartado titulacións académicas oficiais e máster universitario propio;

5º.- Puntuación obtida no apartado accións formativas e superación de exercicios;

6º.- Puntuación obtida no apartado entrevista curricular;

7º.- Se persiste o empate acudirase á orde de apelidos que determine para o ano da convocatoria a Secretaría de Estado para a Administración Pública mediante sorteo público para a actuación das persoas aspirantes nas probas selectivas (art. 17 do RD 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado).


12. *Proposta do tribunal.*

O Tribunal, á vista do resultado do proceso selectivo, formulará proposta ante a presidencia da Entidade para que aprrobe a orde da listaxe para prestar servizos temporais, en programas con financiación externa, na praza/posto/emprego convocado.

Esta proposta publicarase xunto coas cualificacións finais e a orde da listaxe (base xeral 12) na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público - RRHH e no taboleiro de anuncios da entidade.

13. *Resolución do proceso selectivo.*

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	67/88



A vista da proposta do Tribunal, a presidencia resolverá o procedemento selectivo aprobando a elaboración da listaxe de emprego para prestar servizos temporais na praza/posto/emprego que se convoque.

Esta resolución publicarase na páxina web corporativa da Deputación de Lugo, no apartado Emprego Público – RRHH e no taboleiro de anuncios da entidade.

14. Incorporación de efectivos.

14.1. Chamamentos.

Cando existan razóns suficientemente xustificadas de necesidade e urxencia de incorporación de efectivos, realizados os trámites pertinentes, procederase a realizar os chamamentos segundo os criterios regulados pola resolución vixente no momento da aprobación das correspondentes listaxes. Poden consultarse na web www.deputacionlugo.gal, no apartado Emprego Público (RRHH).

14.2. Presentación de documentación.

As persoas que acepten o chamamento para a súa incorporación á prestación de servizos, deberán presentar os documentos auténticos, validados ou compulsados que a continuación se sinalan, en caso de que non obren en poder da entidade:

- a) Título ou certificado do mesmo esixido para tomar parte nas probas selectivas para cubrir as correspondentes prazas.
- b) Declaración de non estar separado/a mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da toma de posesión ou contratación.
- d) Certificado médico ou informe de saúde acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións da praza convocada.
- e) As persoas con discapacidade que accedesen ás listaxes facendo valer esta condición, certificación que acredite tal condición e certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións propias da praza convocada.
- f) No caso de nacionais doutros estados nos casos previstos no art. 57 do RDL 5/2015 e 52 da Lei 5/2015 do emprego público de Galicia, a documentación que acredite a súa condición.
- g) Tarxeta da Seguridade Social.
- h) Número de conta bancaria.
- i) A documentación acreditativa do cumprimento dos restantes requisitos esixidos na convocatoria.

14.2.1 Lugar de presentación.


Nos mesmos lugares que os sinalados na base xeral 5.2.

14.2.2 Prazo de presentación.

O prazo de presentación será de 2 días dende o chamamento, prazo que poderá ampliarse cando non se poida presentar algún documento por causas alleas á vontade da persoa aspirante.

14.2.3 Falta de presentación de documentos.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	68/88





As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que carece dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeadas/contratadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude.

14.3. Nomeamento/contratación.

Revisada a documentación a presidencia da entidade procederá a resolver o nomeamento como persoal funcionario interino ou á formalización do contrato laboral como persoal laboral temporal.

Cando por razóns de urxencia non se poda esperar 2 días para a incorporación de efectivos, a Entidade poderá realizar o nomeamento/contrato de traballo antes de presentar a documentación, quedando as persoas aspirantes obrigadas a aportala nos 2 días seguintes. De non facelo procederase ao seu cesamento automático.

14.4. Compatibilidade co desempeño da praza/posto/emprego que se convoca.

As persoas aspirantes que veñan desempeñando unha actividade pública ou privada e queiran continuar realizándoa, deberán solicitar o recoñecemento da compatibilidade de conformidade co establecido no artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos entes, organismo e empresas dependentes, en relación co artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

De non ser compatible a actividade que viñeran desempeñando coa relación de servizo á Deputación Provincial de Lugo, comprometeranse a renunciar á mencionada actividade ou de non facelo será cesado/a de forma automática.

15. Dereito supletorio e xurisdición.

En todo o non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa sinalada no apartado 2 das presentes bases xerais ou naquela outra que resulte de aplicación, remitíndose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

16. Recursos.

Contra o acordo que aprobe as presentes bases xerais, definitivo en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer potestativamente recurso

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	69/88



de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no BOP ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estimen procedentes.

Anexo I

Solicitud listaxes temporais en programas con financiación externa da Deputación Provincial de Lugo

DATOS DA CONVOCATORIA					
ELABORACIÓN DE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL PARA PRESTAR SERVICIOS EN PRAZAS/POSTO/EMPREGOS DENOMINADOS:					
RÉXIME XURÍDICO		BOP		SISTEMA SELECTIVO	CONCURSO
COTA					

DATOS DA PERSOA ASPIRANTE:		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
DNI	TIPO DE VÍA	NOME DE VÍA
NÚMERO	LETRA	ESCALEIRA
PISO	PORTA	PAÍS
PROVINCIA	CONCELLO	CODIGO POSTAL
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO	

ADAPTACIÓN DE PROBAS QUE SOLICITA NO SUPOSTO DE TER UNHA DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGAN (autenticados, validados ou compulsados)	
TITULACIÓN ACADÉMICA	CAMPO OBRIGATORIO
NIVEL DE GALEGO	CAMPO OBRIGATORIO
ABONO DA TAXA (NO SEU CASO AS ACREDITACIÓNS PARA O ABONO DA TAXA REDUCIDA)	CAMPO OBRIGATORIO
CERTIFICACIÓN DE DISCAPACIDADE	SÓ NO SUPOSTO DE SOLICITAR ADAPTACIÓN DE PROBAS OU ACCEDER A PROCESOS RESERVADOS A COTA DE DISCAPACITADOS

RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE FAN CONSTAR:

EXPERIENCIA PRELABORAL			
DENOMINACIÓN DO PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN/ORGANISMO/ ENTIDADE	PERÍODO	DÍAS QUE FIGURAN NO INFORME DE VIDA LABORAL

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	70/88





EXPERIENCIA PROFESIONAL			
DENOMINACIÓN DO PRAZA/POSTO/EMPREGO	ADMINISTRACIÓN/ORGANISMO/ ENTIDADE	PERÍODO	DÍAS QUE FIGURAN NO INFORME DE VIDA LABORAL

TITULACIÓNS ACADÉMICAS OFICIAIS

MÁSTER UNIVERSITARIO PROPIO

CURSOS, XORNADAS, SEMINARIOS, CONGRESOS E SIMILARES				
DENOMINACIÓN	ENTIDADE	Asistencia/ aproveitamento/impartición	DATA DE REALIZACIÓN	HORAS

PUBLICACIÓNS, PROXECTOS OU SIMILARES

SUPERACIÓN DE EXERCICIOS A PROCESOS SELECTIVOS DE ACCESO DEFINITIVO Á CONDICIÓ DE PERSOAL FUNCIONARIO OU LABORAL FIXO			
PROCESO SELECTIVO Á PRAZAS DENOMINADAS	ORGANISMO	BOP	DATA DO EXERCICIO

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	71/88



	CÓNVOCANTE		

IDIOMA GALEGO	
NIVEL/CURSO	
NIVEL/CURSO	

OUTROS IDIOMAS	
IDIOMA	NIVEL/CURSO

Solicito que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e declaro que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condicións de acreditarlos e que reúno todos os requisitos esixidos para ser admitido.

Sinatura da persoa solicitante

Autorizo expresamente ao Servizo de Recursos Humanos a que inclúa o meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigaación legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectifica e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Deputación Provincial de Lugo. Ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	Teléfono: 982 260 000 - Fax: 982 180 004 Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org Contacto DPD: dpd@deputacionlugo.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace web:

http://deputacionlugo.gal/gl/registro_actividades_tratamiento/xestion_servizo_rrhh

Á presidencia da Deputación Provincial de Lugo

Anexo II – Baremo de méritos.

A puntuación máxima do baremo de méritos é de 30 puntos.

1. Experiencia (experiencia prelaboral máis experiencia profesional).

A puntuación máxima, deste apartado é de 12 puntos.

1.1.- Criterios de valoración da experiencia:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	72/88





Valoraranse os servizos prestados en prazas/postos/empregos que teñan relación coas funcións a desempeñar na praza/posto/emprego convocado.

Non se valorará a experiencia prelaboral relativa as prácticas curriculares realizadas polos estudantes como parte integrante dos seus estudos necesarias para a obtención de titulacións académicas ou de cursos de formación profesional.

Non se valorará a experiencia profesional en servizos prestados como autónomos/as.

Entenderase por prestación de servizos coas mesmas funcións cando se acrediten coa mesma denominación ou categoría correspondente a algunha das titulacións requiridas para participar.

Entenderase que se desempeñou praza/posto/emprego similar, cando a prestación de servizos se realiza dentro da mesma rama, especialidade e area de actividade.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda conforme a táboa que se reflicte no apartado 1.2 Cadro de valoración da experiencia.

No suposto de relacións laborais ou de servizo de carácter parcial a puntuación aplicarase segundo a porcentaxe de parcialidade, computando o tempo da concreta relación laboral que apareza sinalada no Informe de Vida Laboral.

1.2.- Cadro de valoración da experiencia:

1.2.1.- Cadro de valoración da experiencia prelaboral (máximo 2 puntos):

1.2.1.1 Administracións Públicas, organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo:

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto/emprego convocado	Similares á praza/ posto/emprego convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,083 x cada 30 días	0,083 x cada 30 días	0,055 x cada 30 días	0,041 x cada 30 días

1.2.1.2 Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo:

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións	
Iguais ao praza/ posto/emprego convocado	Similares á praza/posto/emprego convocado con titulación

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	73/88



	Superior	Igual	Inferior
0,055 x cada 30 días	0,055 x cada 30 días	0,041 x cada 30 días	0,033 x cada 30 días

1.2.1.3 Entidades privadas:

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza posto/emprego convocado	Similares á praza/posto/emprego convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,033 x cada 30 días	0,033 x cada 30 días	0,027 x cada 30 días	0,023 x cada 30 días

1.2.2.- Cadro de valoración da experiencia profesional (máximo 12 puntos):

1.2.2.1 Administracións Públicas, organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta, ou outras entidades que rexan por normas de dereito administrativo:

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/posto/emprego convocado	Similares á praza/posto/emprego convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,250 x cada 30 días	0,250 x cada 30 días	0,167 x cada 30 días	0,125 x cada 30 días

1.2.2.2 Entidades do sector público que non se rexan por normas de dereito administrativo:

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza/ posto/emprego convocado	Similares á praza/posto/emprego convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,167 x cada 30 días	0,167 x cada 30 días	0,125 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días

1.2.2.3 Entidades privadas:

Desempeño de praza/posto/emprego con funcións			
Iguais á praza posto/emprego convocado	Similares á praza/posto/emprego convocado con titulación		
	Superior	Igual	Inferior
0,100 x cada 30 días	0,100 x cada 30 días	0,083 x cada 30 días	0,071 x cada 30 días

1.3.- Forma de acreditación da experiencia:

A acreditación realizarase mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

1.3.1 A experiencia en Administracións Públicas, organismos autónomos de carácter administrativo dependentes desta ou outras entidades que se rexan por normas de dereito administrativo deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

b) Certificado oficial de servizos prestados expedido pola Secretaría Xeral correspondente que exprese a praza/posto/emprego desempeñado, tempo de servizos prestados, xornada e grupo de clasificación ou título esixido para o acceso.

1.3.2 A experiencia en Entidades do Sector Público que non se rexan por normas de dereito administrativo e entidades privadas, deberá acreditarse mediante:

a) Informe de vida laboral actualizado.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	74/88





b) Contrato laboral de cada período que pretenda acreditar e que apareza reflectido no informe de vida laboral. O contrato deberá acreditar a denominación do emprego e/ou a categoría profesional.

2. Titulacións académicas oficiais e máster universitario propio.

A puntuación máxima deste apartado é de 5 puntos.

2.1 titulacións académicas oficiais

Cadro de valoración titulacións académicas:

	PUNTUACIÓN
TITULACIÓNS ACADÉMICAS UNIVERSITARIAS	
DOCTORAMENTO	5,00
MASTER OFICIAL	4,50
LICENCIATURA/GRAO	4,00
DIPLOMATURA	3,00

TITULACIÓNS ACADÉMICAS DE FP	
FP CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN CICLO SUPERIOR – MÁSTER FP	3,00
CICLO FORMATIVO GRAO SUPERIOR (FPGS) – GRAO D NIVEL 3	2,50
CICLO FORMATIVO GRAO MEDIO (FPGM) – GRAO D NIVEL 2	1,00
CICLO FORMATIVO GRAO BÁSICO (FPB) – GRAO D NIVEL 1	0,50
TÍTULOS ACADÉMICOS DE	
BACHARELATO	1,00
ESO	0,50

2.2 Máster universitario propio

	PUNTUACIÓN
MASTER UNIVERSITARIO (PROPIO)	4,00

2.3 Criterios de puntuación das titulacións académicas oficiais e master universitario propio

Valoraranse as titulacións académicas oficiais e master universitarios propios, directamente relacionadas coas tarefas da praza/posto/emprego que se convoca.

Non se valorará a titulación académica e títulos oficiais esixida para participar no procedemento selectivo que se convoca.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	75/88



Non se valorarán as titulacións que forman parte do itinerario para obter a titulación académica esixida para participar no procedemento selectivo ou puntuadas, nin as materias de titulacións non rematadas.

2.4 Acreditación das titulacións académicas oficiais e máster universitario propio:

As titulacións académicas oficiais e máster universitario propio acreditaranse mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal ou certificación de solicitude con abono de dereitos de expedición (no caso de equivalencia ou homologación de titulacións, deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas).

3. Accións formativas e superación de exercicios.

A puntuación máxima neste apartado é de 9 puntos.

3.1 Cursos, xornadas, seminarios, congresos, publicacións ou similares/ certificados de profesionalidade e unidades de competencia

A puntuación máxima neste apartado é de 8 puntos

3.1.1 Certificados de profesionalidade / unidades de competencia.

A puntuación máxima neste apartado é de 1,50 puntos.

3.1.1.1 Criterios de valoración dos certificados de profesionalidade e unidades de competencia:

Valoraranse os certificados de profesionalidade e as unidades de competencia (UDC) recollidos/as no Repertorio Nacional de Certificados de Profesionalidade que estean relacionados/as coas tarefas da praza/posto/emprego que se convoca.

Non se valorarán certificados de profesionalidade e/ou unidades de competencia que respondan a módulos da titulación de acceso ou a titulacións puntuadas no apartado 2.1.

Non se valorarán unidades de competencia de certificados de profesionalidade puntuados, nin as unidades de competencia relativas a idiomas.

3.1.1.2 Cadro de valoración dos certificados de profesionalidade e unidades de competencia:

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE	PUNTUACIÓN
NIVEL 3 (GRAO C)	0,80
NIVEL 2 (GRAO C)	0,70
NIVEL 1 (GRAO C)	0,60
UDC ASOCIADAS A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE (CP)	A xuízo do Tribunal valorarase de forma proporcional ao seu peso dentro do CP no que se atopen incluídas.

3.1.1.3 Acreditación dos certificados de profesionalidade e unidades de competencia:

A acreditación realizarase mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

As unidades de competencia acreditaranse, a maiores da súa realización, mediante o certificado de profesionalidade ao que está asociada.

3.1.2 Cursos, xornadas, seminarios, congresos, publicacións ou similares.

3.1.2.1 Criterios de valoración dos cursos, xornadas, seminarios, congresos, publicacións ou similares:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	76/88





Valoraranse as actividades formativas directamente relacionadas coas tarefas da praza/posto/emprego que se convoca, e as publicacións, proxectos ou similares de carácter científico relacionados coa disciplina obxecto do concurso (con e sen ISBN).

O Tribunal determinará cales materias das relacionadas coas tarefas da praza/posto/emprego convocado son transversais, motivando a súa decisión. Puntuaranse, en todo caso, as seguintes materias transversais: igualdade, prevención de riscos laborais e violencia de xénero.

Cando diversas accións formativas traten sobre a mesma materia, poderase puntuar, a xuízo do Tribunal, a mais actualizada, a de maior contido formativo ou puntuar todas.

Non se valorarán contidos parciais de accións formativas.

Non se valorarán neste apartado as accións formativas relativas a idiomas.

3.1.2.2 Cadro de valoración dos cursos, xornadas, seminarios, congresos, publicacións ou similares:

FORMACIÓN		PUNTUACIÓN POR HORA
Asistencia		0,010
Aproveitamento		0,020
Impartición/docencia universitaria		0,040
Publicacións, proxectos ou similares de carácter científico sobre a disciplina obxecto do concurso con ISBN	Por se autor/a	0,250
	Coautor/a ou grupo de autores/as	0,125
	Por revista ou artigo	0,150
Publicacións, proxectos ou similares de carácter científico sobre a disciplina obxecto do concurso sen ISBN	A criterio do Tribunal motivando o alcance da publicación, proxecto ou similar	

As accións formativas con contidos transversais puntúanse igual que o resto das accións formativas, sendo a puntuación máxima das materias transversais de 1,50 puntos.

3.1.2.3 Acreditación dos cursos, xornadas, seminarios, congresos, publicacións ou similares:

A acreditación realizarase mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, contido, número de horas, determinación de si é de asistencia, aproveitamento ou impartición e entidade que a organiza.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	77/88



Para acreditar as publicacións, proxectos ou similares de carácter científico sobre a disciplina obxecto do concurso con ISBN ou sen ISBN, realizarase mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal, que permita apreciar con claridade o contido e a dimensión da acción correspondente.

3.2 Superación de exercicios.

A puntuación máxima neste apartado é de 1 punto.

3.2.1 Criterios de puntuación da superación de exercicios:

So se puntuará a superación de exercicios ou probas de procesos selectivos de Oferta de Emprego na mesma praza que se convoca, realizados nos 4 anos anteriores ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

3.2.2 Cadro de valoración de superación de exercicios:

SUPERACIÓN	PUNTUACIÓN
Exercicio/Proba	0,25

3.2.3 Acreditación superación de exercicios:

A superación de exercicios acreditarase mediante certificación da Administración correspondente que indique: o proceso selectivo, denominación da praza, grupo, exame ou proba superada e data de realización.

4. Idiomas.

A puntuación máxima deste apartado é de 4 puntos.

4.1 Idioma galego.

A puntuación máxima deste apartado é de 2 puntos.

4.1.1 Criterios de valoración idioma galego:

Non se puntuará o nivel de galego esixido na convocatoria.

Valoraranse os coñecementos do idioma galego dos apartados c) e d) reflectidos no apartado 4.1.2, cando sexan útiles e relacionados co desempeño das funcións da praza/posto/emprego que se convoca.

So se puntuará a acción formativa que teña maior puntuación.

4.1.2 Cadro de valoración do idioma galego:

APARTADO	NIVEL DE GALEGO	PUNTUACIÓN
a)	Celga 3	0,50
b)	Nivel de galego C1 ou Celga 4	1,00
c)	Curso de nivel medio de linguaxe administrativo galego, curso de nivel medio de linguaxe administrativo local galego, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior de estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, nivel de galego C2 ou Celga 5	1,50
d)	Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou nivel superior de linguaxe xurídica galega.	2,00

4.1.3 Acreditacións do nivel de galego:

A acreditación realizarase mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal.

4.2 Outros idiomas oficiais.

A puntuación máxima neste apartado é de 2 puntos.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	78/88





4.2.1 Criterios de valoración doutros idiomas oficiais:

Non se puntuarán idiomas oficiais se non están directamente relacionados coas tarefas da praza/posto/emprego convocado, ou si se consideran unha formación transversal.

O Tribunal decidirá se os idiomas oficiais están directamente relacionados co desempeño das funcións da praza/posto/emprego que se convoca.

So se puntuará de cada idioma o nivel de maior puntuación.

Os idiomas non comunitarios valoraranse a xuízo do Tribunal.

Outros idiomas ou cursos que se realicen por organismos oficiais tamén serán valorados a criterio do Tribunal.

Para a valoración dos idiomas teranse en conta os niveis recollidos no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

4.2.2 Cadro de valoración doutros idiomas oficiais:

NIVEL	PUNTUACIÓN
C2 MCER	1,50
C1 MCER	1,00
B2 MCER	0,75
B1 MCER	0,50
A2 MCER	0,25
A1 MCER	0,15
Outros idiomas oficiais non comunitarios	Valoraranse a xuízo do Tribunal
Cursos realizados por organismos oficiais	Valoraranse a xuízo do Tribunal

4.2.3 Acreditación doutros idiomas oficiais

A acreditación realizarase mediante documento orixinal con sinatura dixital ou CSV, copia auténtica ou copia compulsada polo Rexistro Xeral do diploma, certificado ou calquera outro documento con validez legal”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE COORDINADOR/A PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NO CENTRO DE INNOVACIÓN TERRITORIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	79/88



Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de coordinador/a para poder atender ás necesidades do Centro de Innovación Territorial (CIT) da Deputación Provincial de Lugo e xestionar axilmente a incorporación de efectivos, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024, 2025 e 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as, podendo consultarse na páxina web www.deputacionlugo.gal, no apartado Emprego Público (RRHH) – Selección Temporal.

Por todo o anterior propónse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de coordinador/a do Centro de Innovación Territorial (CIT) da Deputación Provincial de Lugo, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 da Lei do Estatuto dos Traballadores.


2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal en programas con financiación externa na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	80/88





6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE TÉCNICO/A DE PROXECTOS PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NO CENTRO DE INNOVACIÓN TERRITORIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de técnico/a de proxectos para poder atender ás necesidade do Centro de Innovación Territorial (CIT) da Deputación Provincial de Lugo e xestionar axilmente a incorporación de efectivos, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024, 2025 e 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as, podendo consultarse na páxina web www.deputacionlugo.gal, no apartado Emprego Público (RRHH) – Selección Temporal.

Por todo o anterior proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), Acorde:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	81/88



1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de técnico/a de proxectos do Centro de Innovación Territorial (CIT) da Deputación Provincial de Lugo, grupo A – subgrupo A2, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 da Lei do Estatuto dos Traballadores.

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal en programas con financiación externa na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.

6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

16.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS PARA A ELABORACIÓN DUNHA LISTAXE DE EMPREGO DE PERSOAL DE APOIO PARA PRESTAR SERVIZOS TEMPORAIS NO CENTRO DE INNOVACIÓN TERRITORIAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Constatando que a entidade ten necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de persoal de apoio para poder atender ás necesidades do Centro de Innovación Territorial (CIT) da Deputación Provincial de Lugo e xestionar axilmente a incorporación de efectivos, cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular ás referidas no artigo 20.Cinco da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 -prorrogada para o ano 2024, 2025 e 2026 de acordo co establecido no artigo 134.4 da Constitución Española.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	82/88





Os criterios rexedores do funcionamento das listaxes de emprego temporal da Deputación Provincial de Lugo serán os vixentes no momento de aprobación das listaxes correspondentes, regulados mediante resolución de presidencia, previa negociación coa representación dos/as empregados/as públicos/as, podendo consultarse na páxina web www.deputacionlugo.gal, no apartado Emprego Público (RRHH) – Selección Temporal.

Por todo o anterior proponse á Xunta de Goberno para que, segundo as facultades que lle confire artigo 59.5 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 03.09.2020), acorde:

1º.- Aprobar a convocatoria do procedemento selectivo para a elaboración dunha listaxe de emprego temporal de persoal de apoio do Centro de Innovación Territorial (CIT) da Deputación Provincial de Lugo, grupo C – subgrupo C1, para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos ou contratacións de persoal temporal polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou, no seu caso, polo artigo 15 da Lei do Estatuto dos Traballadores.


2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais polas que se establecen as normas para elaboración de listaxes para a prestación de servizos de carácter temporal en programas con financiación externa na Deputación Provincial de Lugo (cota xeral ou cota de reserva a persoas con discapacidade).

3º.- Aprobar as bases específicas, que complementarán ás bases xerais, que rexerán o procedemento selectivo para a elaboración da listaxe de emprego temporal da praza sinalada no apartado primeiro.

4º.- Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente procedemento selectivo.

5º.- Ordenar a publicación da presente convocatoria e bases específicas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo e nos lugares determinados nas bases xerais.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	83/88



6º.- Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE ABSOLUTA DUN ADMINISTRATIVO ADMINISTRACIÓN XERAL, FUNCIONARIO DE CARREIRA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que Don Fernando Carballeira Rábade, Administrativo Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal.

Tendo en conta que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 26 de marzo de 2026, foille recoñecida a don Fernando Carballeira Rábade a prestación de Incapacidade Permanente no Grao de Absoluta, con efectos económicos do día 11 de novembro de 2025.

Visto o informe do Servizo de Recursos Humanos, no que se sinala de forma textual:

“Consideracións de dereito

O artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.


A Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS establece literalmente que: “(...) “Que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 11-11-2025”.

Non se prevé que a situación de incapacidade vaia a ser obxecto de revisión por melloría, que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos”.

Si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apto para o traballo, tería que considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinala a lexislación administrativa, concretamente o artigo 68.1 do EBEP e a lexislación de función pública vixente, nese momento para adoptar decisión axustada a dereito.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións”.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	84/88





Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“ Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propono que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Absoluta, de Don Fernando Carballeira Rábade, con efectos económicos do día 11 de novembro de 2025, data á que se retrotraen os efectos económicos da prestación de Incapacidade Permanente recoñecida ao funcionario e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade”.


A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dase conta da Sentenza N° 33/2025.

Visto que no Procedemento Abreviado PA 51/2024 seguido a instancia de BFF Financie Iberia SAU fronte á Excma. Deputación Provincial de Lugo o Xulgado do

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	85/88



Contencioso Administrativo Nº1 de Lugo ditou a Sentenza nº 33/2025,cuxo fallo é o seguinte:

“Que debo estimar y estimo en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por la representación procesal de BFF Finance Iberia SAU frente a la Excm. Diputación Provincial de Lugo, en el procedimiento seguido ante este Juzgado como Proceso Abreviado número 51/2024 respecto de la resolución citada en el encabezamiento de esta Sentencia, que la anulo parcialmente, en el sentido de condenar a la Administración demandada al pago de los intereses de demora que procedan de las 24 facturas litigiosas, cuya determinación se realizará en ejecución de sentencia, de acuerdo con las siguientes bases:

La fecha de registro de las facturas a tener en cuenta, salvo en lo que se refiere a las facturas EX19020527 y la EX19020528, que se establecen en el día 01/03/2019, son las fijadas por la actora en la tabla de Excel que se acompaña.

El dies a quo, para el cómputo de los intereses de demora de cada factura, se corresponde con la finalización del plazo de los 30 días naturales desde que se presentó en el registro cada factura.

El dies ad quem, se corresponde con la fecha de pago de cada factura por parte de la Administración de acuerdo con los justificantes de pago que constan en los 24 documentos del expediente administrativo (en el documento nº1, en el folio 2; en el documento nº 2, en el folio 42...y así, sucesivamente).

En todo caso, debo condenar y condeno a la Administración municipal demandada a pagar a la actora la indemnización por costes de cobro (40 euros por cada factura, siempre y cuando hubiera transcurrido el señalado plazo de los 30 días).

Sin expresa imposición de costas.

Notifíquese esta resolución a las partes, haciéndoles saber que es firme, pues contra ella no cabe interponer recurso ordinario alguno.

Así, por esta Sentencia, definitivamente Juzgando en única instancia, lo pronuncio, mando y firmo”.

Vista a Dilixencia de Ordenación do de data 17 de setembro de 2025 do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Lugo na cal se sinala:


“Presentado el anterior escrito por la Procuradora D^a. Sagrario Queiro García, en nombre y representación de la entidad BFF Finance Iberia, S.A.U., solicitando la ejecución de la Sentencia firme Nº33/2025, de fecha 26/03/2025, dictada en el Procedimiento Abreviado Nº51/2024, acuerdo:

Formar Incidente de Ejecución de Títulos Judiciales, el cual queda registrado bajo el número 21/2025.

Dar traslado a la parte ejecutada, a través de su representación procesal, a fin de que en el plazo de diez días alegue lo que estime procedente sobre la liquidación del importe señalado por la ejecutante, toda vez que el título ejecutivo no contiene una determinada condena dineraria y en aplicación de lo previsto en el art. 712 de la LEC, de aplicación supletoria a la Ley Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa”.

Visto o Decreto de Execución de Títulos Xudiciais Nº 21/2025 de data 16 de xaneiro de 2026 do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Lugo no cal se decide o seguinte:

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	86/88





“Fijar la cantidad adeudada en autos de PA Nº 51/2024 por la Excm. Diputación Provincial de Lugo a la entidad la entidad BFF Finance Iberia, S.A.U. en concepto de costes de cobro e intereses en 25.285,59 €, sin especial pronunciamiento en materia de costas”.

Por último, vista a Dilixencia de Ordenación de 13 de febreiro de 2026 do Xulgado do Contencioso-Administrativo Nº1 de Lugo que sinala o seguinte:

“Visto el estado de las presentes actuaciones, y siendo firme la resolución de fecha 16/01/2026, ínstese por la parte ejecutante lo que a su derecho interese en el plazo de diez días, bajo apercibimiento de archivo definitivo de las actuaciones”.

Tendo en conta que as Sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento por imperativo legal (artigo 118 da Constitución Española, artigo 17 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigos 103 a 113 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

Considerando, por tanto, a necesidade de dar cumprimento á devandita Sentenza, e unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e tendo en conta, asemade, a comunicación de existencia de crédito suficiente para o aboamento da cantidade antes indicada en concepto de pago de costes de cobro e intereses da sentenza Nº33/2025 do PA 51/2024, comunicada polo Servizo de Intervención , á Xunta de Goberno proponse:

1º.- Darse por enterada da devandita Sentenza Nº 33/2025

2º.- Levar a debido efecto e practicar o que esixa o cumprimento da devandita Sentenza.

3º.- O importe a abonar en concepto de pago de costes de cobro e intereses da sentenza Nº33/2025 do PA 51/2024, ingreso que se realizará na conta de depósitos e consignacións do Xulgado do Contencioso Administrativo Nº1 de Lugo.

A Xunta de Gobertno queda enterada.

19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	87/88



Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

	IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Fecha y Hora	14/04/2026 10:03:15
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	LETICIA RODRÍGUEZ DÍAZ		
Firmado por	EFRÉN CASTRO CALOTO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7RYTQ7HUGP7HZIUQWXOQPOGE	Página	88/88

